

**II PLAN DIRECTOR DA  
COOPERACIÓN GALEGA  
PARA O DESENVOLVEMENTO  
2010-2013**

---

Documento elaborado polo *Instituto Complutense de Estudios Internacionales (ICEI)*, a solicitude da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea. Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Xunta de Galicia

# ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN .....</b>	<b>5</b>
<b>2.1- Evolución agregada da axuda .....</b>	<b>7</b>
<b>2.2- Situación comparada con outras comunidades autónomas .....</b>	<b>8</b>
<b>2.3- Distribución xeográfica da axuda .....</b>	<b>11</b>
<b>2.4.-A distribución sectorial .....</b>	<b>16</b>
<b>2.5- Instrumentos de canalización da axuda .....</b>	<b>17</b>
<b>2.6- Logros e desafíos da cooperación galega .....</b>	<b>21</b>
<b>3.1- Elementos de referencia que seguen inspirando a cooperación galega .....</b>	<b>23</b>
<b>3.2- Os novos compoñentes da axenda .....</b>	<b>27</b>
<i>3.2.1.- Os ODM e a súa consecución.....</i>	<i>27</i>
<i>3.2.2- A Axenda da Eficacia da Axuda .....</i>	<i>28</i>
<b>3.3- Criterios xerais que deberán inspirar a política de cooperación.....</b>	<b>30</b>
<b>4. PROPÓSITOS ESTRATÉXICOS .....</b>	<b>33</b>
<b>4.1.- Ámbitos estratéxicos de actuación .....</b>	<b>33</b>
<b>4.2.- Obxectivos xerais e específicos .....</b>	<b>35</b>
<b>5. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN: PRIORIDADES XEOGRÁFICAS, TRANSVERSAIS E SECTORIAIS.....</b>	<b>45</b>
5.1- Prioridades xeográficas .....	45
5.2- Prioridades transversais .....	46
5.3- Prioridades sectoriais .....	49
<b>6. MEDIOS DE ACTUACIÓN DA COOPERACIÓN GALEGA.....</b>	<b>59</b>
<b>6.1- Instrumentos de canalización de fondos mediante convocatoria pública .....</b>	<b>59</b>
<i>6.1.1- Principios xerais para as convocatorias de axudas .....</i>	<i>60</i>
<i>6.1.2- Convocatoria de axudas para proxectos de ONGD no exterior. ....</i>	<i>61</i>
<i>6.1.3- Convocatoria de axudas para proxectos doutros axentes no exterior. ....</i>	<i>61</i>
<i>6.1.5- Convocatoria de axudas para microproxectos .....</i>	<i>62</i>

6.1.6- Convocatorias de axudas para proxectos de educación para o desenvolvemento. ....	63
6.1.7- Convocatorias de axudas para proxectos de consolidación e fortalecemento de axentes de cooperación .....	64
<b>6.2- Outros instrumentos de canalización da axuda.....</b>	<b>65</b>
6.2.1- Cooperación directa .....	65
6.2.3- Plans operativos Xunta de Galicia-AECID .....	66
6.2.4- Convocatorias de bolsas de formación e contratación de persoal experto.....	67
<b>7. ACTORES DA COOPERACIÓN GALEGA.....</b>	<b>69</b>
7.1- A Xunta de Galicia .....	69
7.2- Concellos e deputacións .....	69
7.3- Organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento.....	70
7.4- Universidades e outros centros de investigación .....	70
7.5- Empresas, asociacións de empresas, caixas de aforros.....	71
7.6- Sindicatos .....	72
7.7- Comunidades galegas no exterior .....	72
7.8 – Outras entidades .....	73
<b>ANEXO 1.- PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA .....</b>	<b>75</b>
<b>ANEXO 2- PRINCIPAIS PARÁMETROS ECONÓMICOS E SOCIAIS DOS PAÍSES PRIORITARIOS.....</b>	<b>85</b>

## 1. INTRODUCCIÓN

De acordo co mandato que establece a Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, en 2006 aprobouse o I Plan director da cooperación, no que se estableceron os obxectivos, prioridades e contidos que debían rexer esta política pública ao longo do período 2006-2009. Trátase do primeiro ensaio de planificación que afrontaba a cooperación galega. Concluído o período da súa vixencia, é necesario iniciar un segundo ciclo de planificación, abrindo paso a un novo plan director que oriente os esforzos da cooperación galega durante o período 2010-2013.

A través da súa política de cooperación, a sociedade galega, co apoio do seu Goberno, pretende contribuír aos procesos de desenvolvemento dos pobos de menor ingreso, pondo á súa disposición as capacidades, recursos e activos que Galicia atesourou ao longo da súa senda de progreso. Para facer que ese esforzo resulte o máis eficaz posible, considérase conveniente que os propósitos e prioridades desta política sexan establecidos nun exercicio de programación de medio prazo como o que achegan os plans directores. O exercicio de planificación estratéxica que supoñen os plans directores proporciona un marco de actuación de medio prazo que compromete o Goberno de Galicia e serve de referencia para o conxunto dos actores do sistema galego de cooperación. A través da planificación estratéxica, lógrase anticipar de forma ordenada os esforzos de desenvolvemento, aproveitando de mellor modo as capacidades que existen no tecido social galego e fomentando as posibles complementariedades entre os seus actores.

De forma máis precisa, a través deste plan director, o Goberno de Galicia asume a responsabilidade de exercer un liderado na promoción dunha activa política de axuda internacional ao desenvolvemento, articulando e coordinando os esforzos dos actores da cooperación galega e facilitando que se estenda ao conxunto da cidadanía galega unha conciencia, cada vez máis enraizada, de solidariedade e de responsabilidade con respecto ás posibilidades de progreso dos pobos máis pobres do planeta.

A experiencia do I Plan director serve para nutrir este novo exercicio de planificación. Algunhas das debilidades que daquela se detectaban no sistema galego de cooperación ao desenvolvemento lográronse superar, outras permanecen vixentes catro anos máis tarde. De aí que o plan director se inicie cun diagnóstico do realizado ao longo do ciclo de planificación precedente. En todo caso, pátense hoxe dunha política máis asentada e vigorosa que no pasado, que canaliza un maior volume de recursos, acumula unha maior experiencia e dispón dun tecido social de apoio máis sólido e activo. Todo iso reclama un exercicio de planificación máis exixente nos seus propósitos e contidos. Por este motivo, este II Plan director pretende ser notablemente máis selectivo nas súas prioridades, máis preciso nos seus obxectivos e máis coidadoso no establecemento de indicadores para permitir un máis fácil seguimento e avaliación posterior do plan.

Respecto ao momento en que se aprobou o I Plan director, algunhas cuestións do contexto internacional mudaron e requiren ser consideradas neste novo plan director. Permanece como

referente central do esforzo dos doadores o desafío que comporta a realización plena dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM), auténtica axenda concertada a escala internacional en materia de desenvolvemento. A un lustro do final do período previsto, aínda son moitos os ODM que están en risco de non ser acadados en boa parte das rexións do mundo en desenvolvemento. A severa crise que afecta a economía internacional non fai senón engadir un factor de risco adicional ao cumprimento dos ODM. Por iso, é importante que todos os doadores manteñan o seu compromiso con este ámbito da acción pública.

Ao tempo, xerouse un consenso moi amplo no seo da comunidade internacional acerca da necesidade de avanzar nas formas de xestión da axuda ao desenvolvemento para garantir o seu maior impacto e eficacia. A Axenda de París da Eficacia da Axuda, promovida en 2005 desde a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), e o posterior Programa de acción de Accra, acordado en 2008, constitúen referentes obrigados para todos os doadores. Os principios que nesta axenda se proclaman tenden a reclamar relacións máis horizontais entre doador e receptor, unha maior apropiación da axuda por parte dos receptores, fluxos de recursos máis previsibles no medio prazo, unha maior coordinación dos doadores, unha máis intensa utilización das canles nacionais do receptor para a xestión da axuda, maior transparencia ante as respectivas sociedades e unha mutua rendición de contas. Son principios aos que este plan director quere responder, facéndose eco dos consensos internacionais existentes ao respecto.

Se a Axenda da eficacia da axuda é sempre obrigada, resulta máis pertinente aínda nun momento de crise como o presente. Malia non seren os responsables da crise, os países en desenvolvemento están sentindo moi severamente os seus efectos, en ocasións a través da seca de recursos financeiros internacionais dispoñibles para apoiar os seus esforzos de desenvolvemento, noutros casos a través do impacto que ten sobre as súas economías a acentuada contracción do comercio internacional. Como consecuencia, pódense producir regresións importantes nos logros sociais alcanzados polos países en desenvolvemento nestes últimos anos de crecemento económico mundial, alimentando de novo a pobreza e a exclusión social. De aí que sexa importante manter o compromiso dunha axuda internacional expansiva e establecer os medios para que esa axuda incremente a súa eficacia e capacidade de impacto.

En definitiva, o Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento 2010-2013 pretende ser unha ferramenta útil, compartida por toda a sociedade galega, que lle permita a Galicia realizar unha contribución eficaz e ordenada aos procesos de desenvolvemento dos países do sur. Unha ferramenta que parte do recoñecemento das dificultades que a todos formulan as especiais condicións económicas que caracterizan o momento presente, pero que é consciente da responsabilidade que todos os pobos desenvolvidos teñen en erradicar a pobreza e facer xusto e gobernable o sistema internacional. A través deste exercicio de planificación, preténdense identificar os obxectivos comúns, ordenar os esforzos e promover as complementariedades do compromiso solidario que a cidadanía galega veu mantendo cos pobos do mundo que tratan de avanzar na conquista efectiva das súas liberdades e do seu progreso.

***O presente Plan recibiu o apoio unánime dos tres órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para o desenvolvemento, é dicir, as Comisións Interdepartamental e Interterritorial e o Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento, reunidos o 5 de marzo de 2010, e foi aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 16 de xuño de ese mesmo ano.***

## 2. DIAGNÓSTICO DA COOPERACIÓN GALEGA NO PERÍODO 2006-2009

Todo exercicio de programación, como o que este plan comporta, debe comezar por un diagnóstico do realizado no máis inmediato pasado. Será ese diagnóstico o que delimite o escenario do que se parte, coas súas fortalezas e debilidades, cos seus logros e carencias. O plan sinala a senda requirida para transitar desde ese punto de partida ao escenario que se considera desexable ao termo do marco temporal establecido para o exercicio de programación. Por iso, facer ese exercicio de diagnóstico constitúe unha tarefa obrigada para fundamentar a proposta de programación que aquí se contén.

### 2.1- Evolución agregada da axuda

Ao longo do último cuatrienio (2006-2009), o volume dos recursos que Galicia lle dedica á AOD mostrou un significativo incremento. O ciclo comeza cunha axuda de 6,9 millóns de euros, en 2006, e alcanza, en 2009, cerca dos 11,6 millóns de euros: é dicir, o incremento da axuda nese tramo temporal foi próximo ao 50% (cadro 1). Non obstante, a senda de evolución da axuda foi inestable no período, con taxas de evolución de signo cambiante segundo o ano. Así, por exemplo, mentres en 2007 a taxa de crecemento dos recursos alcanza a moi destacada cifra do 54%, pasando de 6,9 a 10,7 millóns de euros, en 2008 incrementase un 19,42%, volvéndose negativa en 2009 cunha redución de máis dun 9%. Esta variabilidade revela a limitada previsibilidade dos recursos da axuda, o que afecta tanto os axentes do sistema galego de cooperación como os socios nos países en desenvolvemento.

**Cadro 1: Evolución agregada da AOD galega**

<b>Evolución da AOD en Galicia</b>	<b>2006</b>	<b>2007</b>	<b>2008</b>	<b>2009</b>
<b>Recursos globais desembolsados (euros)</b>	6.950.196	10.703.097	12.781.162	11.598.724
<b>AOD como porcentaxe do orzamento consolidado galego</b>	0,07%	0,10%	0,10%	0,09%
<b>Incremento respecto ao ano anterior</b>	5,34%	54,00%	19,42%	-9.25%

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados pola DXRREE<sup>1</sup>

Malia o incremento experimentado nos recursos, convén sinalar que non se acadou o nivel de esforzo financeiro que se definira como meta no ciclo de planificación previo. A meta sinalada no I Plan director era dedicar á axuda o 0,4% do orzamento consolidado da Xunta. Non obstante, a cota máis elevada alcanzada no período previo queda moi por detrás desa cifra, alcanzándose o 0,10% en 2007 e 2008 (cadro 1).

<sup>1</sup> Nos datos do seguimento do PACI aparece como cifra da AOD galega no 2008 a contía de 9.873.774,18, corrixida no dito documento como nota ao pe

## 2.2- Situación comparada con outras comunidades autónomas

O vigor da cooperación descentralizada é un dos trazos distintivos do sistema español de axuda para o desenvolvemento, que foi sinalado polo CAD da OCDE como referencia inspiradora para outros doadores. A través da implicación activa das comunidades autónomas e das corporacións locais, outorgóuselle unha maior fortaleza e diversidade ao sistema español de cooperación para o desenvolvemento. Por iso, para contextualizar de maneira axeitada a contribución da cooperación galega, resulta útil realizar unha lectura comparativa do seu esforzo co do resto de CC.AA.

Pois ben, no último ano para o que se dispón de datos completos, 2008, Galicia dedicou á AOD 12.781.162 euros. De acordo con ese volume de recursos, Galicia ocupou o décimo lugar na relación das dezasete comunidades autónomas do Estado español. Esa posición mantense, sen apenas variación, durante os catro anos considerados (cadro 2).

**Cadro 2: Evolución da AOD de todas as CC.AA. en termos absolutos**

CC.AA.	2005	2006	2007	2008
Andalucía	37.937.899	53.034.861	81.798.541	96.775.351
Valencia	21.641.553	25.462.295	30.629.358	64.815.651
Cataluña	44.102.616	56.921.600	57.768.931	62.827.889
País Vasco	31.038.371	28.626.952	29.379.900	40.937.201
C.-A Mancha	30.597.848	34.817.513	36.218.580	40.341.400
Madrid	21.627.261	33.150.446	30.973.098	38.979.100
Navarra	16.643.187	16.450.843	19.017.170	20.699.796
Canarias	4.874.651	7.999.941	17.778.637	18.746.030
Baleares	11.625.875	14.047.932	16.414.377	15.594.107
Galicia	6.597.546	6.950.196	10.703.097	12.781.162
Asturias	8.723.940	11.477.261	12.938.623	11.776.201
Castela e León	8.931.840	11.691.192	13.114.683	10.333.747
Aragón	5.724.384	6.132.286	8.008.170	9.610.565
Extremadura	6.050.774	5.868.839	9.897.984	9.087.860
Murcia	2.793.299	4.230.278	5.121.307	5.130.756
Cantabria	4.805.103	5.115.660	5.469.245	5.116.708
A Ríoxa	2.436.504	2.914.337	4.436.818	4.078.224
Media	15.656.038	19.053.424	22.921.678	27.336.727

*Fonte: elaboración propia a partir de datos de seguimento PACI e datos proporcionados pola DXRREE.*

Ao longo do período, a cooperación descentralizada experimentou unha destacable expansión. Os recursos da AOD procedentes das comunidades autónomas incrementáronse no cuadrienio nunha taxa próxima ao 75%. Galicia está por debaixo desa media: de feito, ocupa o noveno lugar polo dinamismo dos recursos da axuda no período. Adicionalmente, Galicia atópase entre as comunidades autónomas cuxo compromiso en materia de axuda internacional experimentou unha maior variabilidade no cuadrienio considerado. De feito, o coeficiente de variación dos recursos durante o cuadrienio só é máis que os de Extremadura, Cantabria, Castela e León e o País Vasco (cadro 3).



**Cadro 3: Variabilidade na AOD das distintas CC.AA. a partir dos incrementos anuais na axuda no período (2005-2008)**

CC.AA.	%2005/2004	%2006/2005	%2007/2006	%2008/2007	Coefficiente de variación <sup>2</sup>
Castela – A Mancha	12,47	13,80	4,00	11,38	0,36
Andalucía	16,32	39,80	54,20	18,31	0,49
Aragón	7,59	7,10	30,60	20,01	0,60
Cataluña	40,64	29,10	1,50	8,76	0,78
<b>Galicia</b>	<b>17,25</b>	<b>5,34</b>	<b>54,00</b>	<b>19,42</b>	<b>0,87</b>
Madrid	24,35	53,30	-6,60	25,85	0,88
Baleares	43,32	20,60	16,80	-5,00	0,91
Canarias	8,90	64,10	122,20	5,54	0,95
A Rioxa	22,31	19,60	52,20	-8,08	0,99
Murcia	6,20	51,40	21,10	0,18	1,00
Asturias	28,29	31,60	12,70	-8,98	1,01
Valencia	0,69	17,70	20,30	111,61	1,16
Navarra	-0,51	-0,60	15,00	8,85	1,16
País Vasco	17,35	-7,80	2,60	39,34	1,38
Castela e León	86,79	30,90	12,20	-21,20	1,44
Cantabria	41,12	6,50	6,90	-6,45	1,47
Estremadura	24,50	-3,00	69,00	-8,18	1,49

Fonte: elaboración propia a partir de datos de seguimento PACI.

Como consecuencia do incremento dos recursos, o esforzo financeiro de Galicia en materia de axuda internacional medrou levemente no período, pasando do 0,07% en 2005 ata o 0,10% en 2008. A pesar diso, o coeficiente a escala española está moi distante do que, como media (0,27%), presenta a cooperación descentralizada (cadro 4). En concreto, e dunha forma notablemente regular, Galicia atópase no último posto na xerarquía das comunidades autónomas de acordo co seu esforzo financeiro en materia de axuda.

**Cadro 4: Evolución da AOD das CCAA (en % do orzamento consolidado)**

CC.AA.	2005	2006	2007	2008
Navarra	0,53%	0,49%	0,49%	0,48%
Baleares	0,44%	0,52%	0,57%	0,47%
Valencia	0,20%	0,21%	0,23%	0,46%
Castela-A Mancha	0,45%	0,47%	0,44%	0,41%
País Vasco	0,44%	0,37%	0,34%	0,41%

<sup>2</sup> O coeficiente de variación para cada comunidade autónoma calculouse a partir das taxas de variación de AOD correspondentes ao período considerado 2005-2008.

CC.AA.	2005	2006	2007	2008
A Rioja	0,25%	0,26%	0,36%	0,31%
Asturias	0,26%	0,31%	0,33%	0,30%
Andalucía	0,16%	0,19%	0,28%	0,30%
Canarias	0,09%	0,13%	0,26%	0,25%
Cataluña	0,20%	0,23%	0,21%	0,22%
Cantabria	0,26%	0,25%	0,25%	0,21%
Madrid	0,14%	0,20%	0,17%	0,21%
Aragón	0,14%	0,13%	0,16%	0,17%
Extremadura	0,15%	0,13%	0,20%	0,16%
Murcia	0,08%	0,12%	0,12%	0,11%
Castela e León	0,10%	0,13%	0,14%	0,10%
<b>Galicia</b>	<b>0,07%</b>	<b>0,07%</b>	<b>0,10%</b>	<b>0,10%</b>
Media	0,23%	0,24%	0,24%	0,27%

Fonte: elaboración propia a partir de datos de seguimento PACI e o Ministerio de Economía e Facenda.

Non se altera en exceso a imaxe se os recursos en materia de axuda se traducen en termos per cápita. En concreto, a cota correspondente a Galicia en 2008 é menos dun terzo da que o conxunto da cooperación descentralizada presenta como media, 11,42 euros. En termos comparados, de novo Galicia ocupa das últimas posicións na xerarquía das comunidades autónomas en relación co seu esforzo per cápita en materia de axuda (cadro 5).

**Cadro 5: Evolución da AOD en euros por habitantes**

CC.AA.	2005	2006	2007	2008
Navarra	28,04 (1º)	27,87 (1º)	31,38 (1º)	33,36
Castela-A Mancha	16,15 (2º)	18,38 (2º)	18,31 (2º)	19,74
País Vasco	14,61 (3º)	13,47 (4º)	13,71 (5º)	18,97
Baleares	11,85 (4º)	14,29 (3º)	15,92 (3º)	14,53
Valencia	4,61 (11º)	5,43 (11º)	6,27 (12º)	12,88
A Rioja	8,09 (7º)	9,68 (6º)	14,36 (4º)	12,84
Andalucía	4,83 (10º)	6,76 (9º)	10,14 (7º)	11,79
Asturias	8,1 (6º)	10,66 (5º)	12,03 (6º)	10,90
Canarias	2,48 (15º)	4,06 (15º)	8,77 (10º)	9,03
Cantabria	8,55 (5º)	9,1 (7º)	9,54 (8º)	8,78
Cataluña	6,3 (8º)	8,14 (8º)	8,01 (11º)	8,53
Extremadura	5,58 (9º)	5,41 (12º)	9,08 (9º)	8,27
Aragón	4,51 (12º)	4,83 (13º)	6,17 (13º)	7,24

CC.AA.	2005	2006	2007	2008
Madrid	3,63 (13º)	5,56 (10º)	5,09 (15º)	6,21
Galicia	2,39 (16º)	2,48 (17º)	3,86 (16º)	4,59
Castela e León	3,56 (14º)	4,66 (14º)	5,18 (14º)	4,04
Murcia	2,09 (17º)	3,17 (16º)	3,67 (17º)	3,59
<b>Media</b>	<b>7,96</b>	<b>9,04</b>	<b>10,67</b>	<b>11,42</b>

*Fonte: elaboración propia a partir de datos de seguimento PACI e do Instituto Nacional de Estatística (INE).*

### 2.3- Distribución xeográfica da axuda

Durante o período 2006-2009, a axuda galega mantivo un patrón de distribución dos recursos relativamente disperso. De feito, operou nun total de 30 países, pertencentes ás diversas rexións do mundo en desenvolvemento.


Malia iso, boa parte dos recursos concentráronse nun número máis reducido de países, que conforman o núcleo dos principais receptores. Perú ocupa o primeiro lugar nesa relación, ao recibir un total de axuda equivalente aos 4 millóns de euros, o que supón o 14% do total (cadro 6, gráfico 1). En conxunto, os 6 principais receptores suman o 50,82% do total da AOD, mentres que os 11 países que menos axuda recibiron non superan o 1% dos fondos totais (cadro 6).

**Cadro 6: Receptores da AOD galega durante 2006-2009**

	<b>Total 2006-2009 (€)</b>	<b>% 2006-2009</b>	<b>% acumulada</b>
PERÚ	4.083.263,88	14,36	14,36
GUATEMALA	2.516.602,48	8,85	23,21
BOLIVIA	2.143.911,46	7,54	30,74
ECUADOR	2.040.184,61	7,17	37,92
O SALVADOR	1.856.699,01	6,53	44,45
REPÚBLICA DOMINICANA	1.812.307,57	6,37	50,82
NICARAGUA	1.749.811,86	6,15	56,97
GUINEA BISSAU	1.737.625,00	6,11	63,08
MOZAMBIQUE	1.533.637,07	5,39	68,47
CUBA	1.374.851,00	4,83	73,31
HONDURAS	1.311.427,58	4,61	77,92
CENTROAMÉRICA	985.543,76	3,47	81,38
ANGOLA	789.501,00	2,78	84,16
SENEGAL	678.716,54	2,39	86,54
HAITÍ	665.259,00	2,34	88,88
CABO VERDE	614.809,38	2,16	91,05
ARXENTINA	388.063,72	1,36	92,41
COLOMBIA	374.682,00	1,32	93,73
POBOACIÓN SAHARAUÍ	315.898,10	1,11	94,84
MAURITANIA	287.758,14	1,01	95,85
BIRMANIA	200.000,00	0,70	96,55
MARROCOS	187.000,00	0,66	97,21
BRASIL	143.842,78	0,51	97,72
TANZANIA	136.082,00	0,48	98,19
INDIA	135.018,25	0,47	98,67
AMÉRICA LATINA (s.e.)	95.665,69	0,34	99,01
MÉXICO	83.682,00	0,29	99,30
ETIOPÍA	75.604,00	0,27	99,57
MALASIA OCCIDENTAL E ORIENTAL	40.276,00	0,14	99,71
URUGUAI	34.426,44	0,12	99,83
VENEZUELA	25.000,00	0,09	99,92
PAÍSES LUSÓFONOS ÁFRICA SUB.	13.780,00	0,05	99,96
NAMIBIA	10.000,00	0,04	100,00
<b>TOTAL</b>	<b>28.440.930,32</b>	<b>100,00</b>	

Fonte: Xunta de Galicia.DXRREE. Datos a outubro de 2009

Gráfico 1: AOD desembolsada no exterior por país receptor. Período 2006-2009<sup>3</sup>



Fonte: elaboración propia con datos proporcionados pola Xunta de Galicia, DXRREE, en outubro de 2009

<sup>3</sup> Consideráronse prioritarios (barra en cor negra) as rexións de América Latina, Centroamérica e países lusófonos de África Subsahariana, xa que os proxectos que se levaron a cabo nestas áreas de forma xenérica supuxeron accións en países prioritarios. Tamén se sinala como prioritaria a poboación saharauí.

Este resultado está acorde co baixo grao de selectividade do que partía o I Plan director 2006-2009. De feito, definíanse ata un total de 17 países prioritarios, aos que se engadiron, por instancia do Parlamento de Galicia, outros 3 considerados preferentes (cadro 7). En termos xerais, a definición de prioridades revelaba unha preferencia xenérica por América Latina (ata 13 países pertencen a esa rexión), xunto coa inclusión dalgúns países de África Central e Austral, con preferencia polos pertencentes á área lusófono. Acompañaban esta relación de países dous obxectivos específicos: dedicar un máximo do 70% da AOD aos países prioritarios e entre o 10% e o 20% aos países menos adiantados.


**Cadro 7: Países prioritarios e preferentes do I Plan director**

	PMA	Renda media baixa	Renda media alta
<b>África</b>	Angola Guinea Bissau Mauritania Mozambique Senegal	Cabo Verde Namibia	
<b>América do Sur</b>		Bolivia Ecuador Perú	Arxentina Uruguai Venezuela
<b>Caribe</b>	Haití	República Dominicana	Cuba
<b>Centroamérica</b>		Guatemala O Salvador Honduras Nicaragua	

Fonte: I Plan director da Cooperación Galega.

Pois ben, neste caso a distribución efectiva da axuda acomodouse, en notable medida, aos criterios establecidos no I Plan director. Así, polo que se refire á distribución rexional, cara a América Latina dirixiuse o 77% dos recursos, correspondéndolle a África Subsahariana o 22%. A estas dúas rexións súmase, cunha cota menor do 1%, Asia (gráfico 2).

**Gráfico 2: Distribución por áreas xeográficas da AOD galega en 2006-2009<sup>4</sup>**




Fonte: elaboración propia con datos proporcionados pola Xunta de Galicia.

<sup>4</sup> México incluíuse na categoría Centroamérica e Caribe.

O obxectivo de concentración da axuda nos países prioritarios viuse amplamente satisfeito, xa que o 93,59% dos recursos dedicados a actividades no exterior se dirixiron cara aos países que o I Plan director definía como prioritarios (gráfico 3)<sup>5</sup>.

**Gráfico 3: Porcentaxe da AOD galega en 2006-2009 destinada a países prioritarios e preferentes**



*Fonte: elaboración propia con datos proporcionados pola Xunta de Galicia.*


A pesar diso, existe un grupo de países que, igualmente sendo prioritarios, recibiron un volume de recursos relativamente marxinal. É o caso, por exemplo, de Angola, Senegal, Haití, Cabo Verde, Mauritania e Namibia, que en conxunto recibiron menos do 3% do total de recursos.

En similar liña, cabe destacar que os tres países que o I Plan director definía como preferentes recibiron no período 2006-2009 tan só o 1,57% dos recursos. Todo iso suxire que a definición de prioridades puido ser máis selectiva sen custos para a executoria da axuda no período. Avanzar nesa senda axudaría a dotar a cooperación galega dunha maior capacidade de impacto nos países en que opera.

Dado o carácter redistributivo da axuda, interesa coñecer a súa distribución de acordo co nivel de desenvolvemento dos países que a reciben. Pois ben, o groso dos recursos da axuda galega orientouse cara ao amplo grupo dos países de renda media. Aos países de renda media baixa orientouse o 71% dos recursos e cara aos de renda media alta, o 7% (gráfico 4). O 22% restante orientouse a socios que pertencen ao grupo de países menos adiantados, superando deste modo a cota que ao respecto se fixara no I Plan director.

<sup>5</sup> Incluíronse dentro da AOD destinada a países prioritarios os fondos destinados a América Latina, Centroamérica, países lusófonos de África Subsahariana e poboación saharauí.

**Gráfico 4: Distribución por nivel de renda do receptor de AOD galega en 2006-2009**



*Fonte: elaboración propia con datos proporcionados pola Xunta de Galicia.*

#### **2.4.-A distribución sectorial**

No plan director anterior, ademais de catro prioridades transversais, establecíanse oito prioridades sectoriais como referencia para ordenar as actividades de cooperación. Asemade, reclamábase que se dedicase ao sector relacionado coa cobertura das necesidades básicas cando menos o 20% dos recursos da axuda.

Pois ben, as cifras da axuda executada revelan que este último obxectivo se cumpriu igualmente de maneira folgada: en concreto, o 39% dos recursos da axuda dirixíronse ao agregado de “Necesidades sociais básicas” (cadro 8). Pola súa vez, dentro deste sector encabezan a distribución os subsectores de “Educación básica” (31% do total de recursos do sector) e “Saúde básica” (23%).

O segundo sector que máis recursos recibiu no período foi o de “Infraestruturas e promoción do tecido económico”, que concentrou o 24% da axuda. Case a metade dos fondos deste compoñente foron destinados a “Investimento do sector pesqueiro” (41% do volume do total do sector), e unha cota igualmente relevante (20%) asignouse a “Proxectos de economía social e cooperativas”, dous sectores nos que se supón que Galicia ten vantaxes comparativas respecto a outras comunidades autónomas do Estado español.

Séguelle nesta relación o sector “Participación social, desenvolvemento institucional e bo goberno”, que concentra o 12% dos recursos. O groso dos recursos deste agregado dedicouse aos subsectores: “Promoción da participación social e empoderamento” (57%), “Desenvolvemento das institucións e estruturas democráticas, fortalecemento do Estado de dereito” (33%) e “Defensa dos dereitos humanos” (10%).



**Cadro 8: Porcentaxe da AOD galega nos distintos sectores (2006-2009)**

Sector	Porcentaxe sobre a AOD desembolsada 1998-2005	Porcentaxe obxectivo Plan director 2006-2009	Porcentaxe sobre a AOD desembolsada 2006-2009
Necesidades sociais básicas	32,80	27,00	39,23
Infraestrutura e promoción do tecido económico	16,47	25,00	24,08
Participación social, desenvolvemento institucional e bo goberno	11,96	14,00	12,47
Axuda humanitaria e de emerxencia	13,41	8,00	6,59
Sensibilización social e educación para o desenvolvemento	3,77	4,50	5,56
Investimento no ser humano	8,99	11,00	5,48
Consolidación e fortalecemento de axentes	0,34	1,50	3,95
Defensa do medio ambiente	6,52	7,00	2,34
Sectores CAD non adscritos aos sectores anteriores	5,74	2,00	0,30
<b>TOTAL</b>	<b>100,00</b>	<b>100,00</b>	<b>100,00</b>

*Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Xunta de Galicia.*

O resto dos sectores definidos como prioritarios teñen un peso relativo menor no total da axuda galega. É o caso do sector de “Axuda humanitaria e de emerxencia”, que concentra o 6% dos recursos; “Sensibilización social e educación para o desenvolvemento”, cun 5%; “Investimento no ser humano”, cunha porcentaxe equivalente; e, finalmente, con cotas menores, as categorías de “Consolidación e fortalecemento de axentes da cooperación galega” (3.95%) e “Defensa do medio ambiente” (2.34%) (cadro 8).

A asignación sectorial da axuda permite unha valoración ambigua. Por unha parte, cúmplíronse, e de forma folgada, os mínimos previstos para a cobertura de necesidades básicas; por outra, no entanto, a executoria distanciouse relativamente das previsións do I Plan director. Algúns sectores, como é o caso de “Investimento no ser humano” e “Defensa do medio ambiente” estiveron moi por debaixo do inicialmente previsto. Este último resultado aconsellaría revisar as metas para o plan director que agora se abre.

## **2.5- Instrumentos de canalización da axuda**


Para levar a cabo o seu programa de actividades, a cooperación galega fixo uso dun variado repertorio de recursos instrumentais (cadro 9). Malia a súa diversidade, os instrumentos dispoñibles pódense agregar en torno a catro grandes modalidades: a cooperación técnica (capítulo VI), as convocatorias de subvencións de distinto tipo, os convenios e a axuda humanitaria (a través da actividade da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia).

### Cadro 9: Instrumentos de canalización da AOD

- *Convocatorias de subvencións para proxectos de ONGD no exterior.*
- *Convocatorias de subvencións para programas.*
- *Convocatorias de subvencións para microproxectos.*
- *Convocatoria de axuda a actividades de sensibilización e formación en temas de cooperación ao desenvolvemento.*
- *Convocatoria de axuda a proxectos de universidades, empresas e organizacións empresariais, sindicatos e comunidades galegas no exterior.*
- *Convocatoria de axudas para consolidación e fortalecemento de ONGD.*
- *Convenios de cofinanciamento.*
- *Cooperación directa.*
- *Convenio marco coa AECID.*
- *Plans operativos Xunta de Galicia – AECID.*
- *Convocatorias de bolsas e contratación de persoal experto.*
- *FAHG - Fundación Axencia Humanitaria de Galicia.*

Pois ben, algo máis da metade dos recursos da axuda –o 58% do total– canalizouse a través dos diversos tipos de convocatorias de subvención convocados pola Xunta; un terzo restante –o 32%– foi xestionado a través de convenios; a asistencia técnica concentrou o 4% do total da axuda; e, finalmente, á acción humanitaria dedicouse o 6% dos recursos (gráfico 5).

**Gráfico 5: Porcentaxe da AOD desembolsada por tipo de instrumento (2006-2009)**




Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Xunta de Galicia.

Dentro das *convocatorias de axuda*, as que de forma dominante captaron os recursos da axuda foron as dirixidas a subvencionar proxectos das ONGD no exterior. O segundo compoñente pola súa relevancia no período, aínda que cunha tendencia descendente, é a convocatoria de axuda a proxectos doutros axentes. Finalmente, as axudas a proxectos de sensibilización mantiveron unha cota limitada, pero constante, ao longo do período (gráfico 6).

En 2008 e 2009 incorporáronse a este grupo de convocatorias dúas novas modalidades de axudas: a programas e a microproxectos. A axuda a programas pretende outorgar a posibilidade de apoiar iniciativas das ONGD de maior alcance e perdurabilidade, outorgándolle á axuda marcos temporais máis dilatados de programación. Pola súa parte, as axudas a microproxectos pretenden apoiar a ONGD con limitada experiencia e dimensión para que inicien as súas actividades no campo da axuda. Non obstante, existe a impresión de que neste último caso a convocatoria require axustes para que cumpra adecuadamente os seus obxectivos.

**Gráfico 6: AOD galega canalizada mediante convocatoria (2006-2009)**



Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Xunta de Galicia.

Os *convenios* constitúen o segundo dos instrumentos de axuda pola súa importancia. A través desta figura preténdese apoiar iniciativas que, ben pola natureza do axente que a promove, ben polo tipo de actividade proposta, dificilmente encaixarían nos requisitos das convocatorias de axuda. Tamén esta modalidade requiriría de axustes para garantir que só se recorra a este tipo de propostas singulares nos casos en que estea debidamente xustificado. En todo caso, a distribución de recursos canalizados mediante convenios entre os diferentes sectores presenta un patrón similar ao do conxunto da AOD galega (cadro 10).

**Cadro 10: Distribución da AOD galega canalizada mediante convenios nos distintos sectores**


Sector	AOD 2006-2009 mediante convenios - €	% 2006-2009	Distribución sectorial AOD 2006-2009
Necesidades sociais básicas	3.614.643,68	32,53	39,23
Infraestrutura e promoción do tecido económico	2.515.017,45	22,63	24,08
Participación social, desenvolvemento institucional e bo goberno	1.449.100,00	13,04	12,47
Sensibilización social e educación para o desenvolvemento	737.659,59	6,64	5,56

Sector	AOD 2006-2009 mediante convenios - €	% 2006-2009	Distribución sectorial AOD 2006-2009
Investimento no ser humano	1.759.041,00	15,83	5,48
Consolidación e fortalecemento de axentes	427.549,00	3,85	3,95
Defensa do medio ambiente	443.148,00	3,99	2,34
Axuda humanitaria e de emerxencia	101.000,00	0,91	6,59
Sectores CAD non adscritos aos sectores anteriores	65.000,00	0,58	0,30
<b>IMPORTE TOTAL</b>	<b>11.112.158,72</b>	<b>100,00</b>	<b>100,00</b>

Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Xunta de Galicia.

Os fondos canalizados mediante convenio destináronse maioritariamente ás ONGD (31%) e, en segundo lugar, ás universidades (21%) (gráfico 7). A Universidade de Santiago de Compostela destaca como a entidade que máis fondos recibiu a través de convenios: o 17% do total. Os seguintes actores en importancia son o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (FOGACOSOL), co 12% do total, e o Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR) cun 10%. Outros actores que recibiron financiamento a través de convenios son: actores estranxeiros (9%), que agrupan organismos públicos doutros países; outros actores galegos (7%), que agrupa asociacións de empresas, empresas e sindicatos (7%); organismos multilaterais (6%), que inclúen UNICEF e a OEI; e, por último, a Coordinadora Galega de ONGD recibiu o 4% do total dos fondos canalizados mediante convenios.

**Gráfico 7: A AOD galega canalizada mediante convenio**



Fonte: elaboración propia a partir de datos proporcionados pola Xunta de Galicia.

Respecto ás características da axuda, convén sinalar que ao longo do período se produciu un incremento na dimensión media das intervencións, medida en termos do desembolso dos recursos. Este incremento deuse en todos os instrumentos e convocatorias, aínda que é especialmente marcado no caso dos convenios: o desembolso medio por convenio e ano incrementouse nun 100%. Sen chegar a esa magnitude, é relevante tamén o incremento da dimensión dos proxectos subvencionados de ONGD para actividades no exterior, que experimentou un aumento do 41% nos

seus recursos por termo medio. Trátase de tendencias positivas na medida en que atenúan a fragmentación da axuda e contribúen a apoiar iniciativas de maior impacto potencial.

## **2.6- Logros e desafíos da cooperación galega**

A traxectoria seguida pola cooperación galega ao longo do ciclo de planificación precedente puxo en evidencia algúns logros de interese, que convén sinalar:

- O primeiro fai alusión ao aceptable nivel de cumprimento dos obxectivos máis centrais definidos no I Plan director. Isto afecta tanto a asignación xeográfica da axuda como, en termos xerais, a súa distribución sectorial. Constitúe esta unha boa base para posteriores exercicios de programación.
- En segundo lugar, na selección efectiva de países socios tivéronse en conta aqueles países cos que, en principio, había máis posibilidades de establecer unhas relacións sólidas de cooperación. Así, por exemplo, percíbese unha preferencia manifesta polos países latinoamericanos, a onde se dirixiu o 77% dos recursos da axuda. E, dentro de África Subsahariana, foi aos países de fala portuguesa a onde se orientaron fundamentalmente as accións de cooperación.
- En terceiro lugar, a composición sectorial da axuda revela que a cooperación galega está aproveitando aceptablemente as vantaxes comparativas que se lle supoñen como doador. En concreto, cerca do 11% do total da AOD destinouse a actividades relacionadas co sector pesqueiro e acuícola dos países en desenvolvemento; e unha cota algo menor foi orientada á promoción da economía social e as cooperativas.
- En cuarto lugar, incrementouse a dimensión das intervencións e promovéronse durante o período marcos de actuación máis dilatados. Ambos os cambios son relevantes se quere evitar a fragmentación da axuda e se opta por intervencións de maior alcance e capacidade de impacto.
- En quinto lugar, ao longo do período avanzouse no fortalecemento do tecido social propio do sistema galego de cooperación. De forma moi particular, a Coordinadora Galega de ONGD viuse fortalecida como canle de coordinación e representación das ONGD, tendo un papel cada vez máis activo na promoción de iniciativas no sector.
- Por último, constitúe tamén un activo importante da cooperación galega a existencia do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (FOGACOSOL), como instancia aglutinadora dos esforzos das entidades locais en materia de cooperación para o desenvolvemento, permitindo a través do esforzo cooperativo iniciativas de maior solidez.

Xunto a estes logros, tamén a cooperación galega presenta algunhas debilidades que deberan ser obxecto de corrección.

- A primeira das debilidades é o baixo nivel de previsibilidade da axuda, que se revela na tendencia cambiante que manifestan os seus recursos. Se se quere asentar unha política sólida de cooperación, é necesario trazar unha senda previsible de evolución dos seus recursos no tempo. Só así poderán os actores galegos do sistema e os socios nos países en desenvolvemento operar nun marco confiable de programación.

- En segundo lugar, o esforzo que se realiza en materia de axuda sitúa Galicia nun posto derradeiro na relación de comunidades autónomas do Estado español. Sería necesario facer un esforzo por dotar a cooperación galega da dimensión que, polo seu nivel de desenvolvemento e sentido da solidariedade, lle corresponde.
- En terceiro lugar, se se quere mellorar o impacto dos recursos, cómpre realizar unha delimitación máis estrita dos países socios. Dada a dimensión da axuda, intentar operar en 20 países, como definía o I Plan director, parece a todas luces excesivo: é necesario proceder, polo tanto, a unha máis estrita focalización xeográfica da axuda. Só así se conseguirá o perfil de presenza necesario para constituír un socio relevante nas rexións e países en que a cooperación galega actúa.
- En cuarto lugar, aínda que se dispón dunha diversidade de instrumentos, non todos eles se definiron dunha maneira acorde cos propósitos para os que inicialmente naceron. Por iso, parece conveniente proceder a unha certa reforma dalgún deles, axustando os criterios e condicións do financiamento. De tal forma sucede, por exemplo, cos convenios, coa axuda a microproxectos ou coa convocatoria de apoio á sensibilización. Adicionalmente, é necesario fortalecer aqueles instrumentos que permiten intervencións de maior alcance e marcos temporais de acordo máis dilatados, con obxecto de reducir a fragmentación da axuda.
- En quinto lugar, malia a mellora percibida, aínda é relativamente débil o tecido social de apoio ás tarefas de cooperación internacional. Segue a ser necesario, polo tanto, apoiar a crecente implicación dos diversos actores na política de axuda, fortalecer as súas estruturas organizativas e as súas capacidades técnicas e alentar a cooperación entre eles para potenciar complementariedades entre as súas respectivas capacidades. Este propósito de coordinación faise especialmente obrigado no caso daqueles departamentos da Xunta que teñan capacidades e competencias para operaren no seo do sistema de axuda, de forma que se aproveite o potencial da Administración galega e se propicie a coherencia de políticas en materia de desenvolvemento.
- Por último, para que a Xunta poida despregar a súa función directiva na política de cooperación, cómpre fortalecer as capacidades humanas e técnicas da unidade responsable da xestión. Isto afecta non só a Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, senón tamén a Fundación Axencia Humanitaria de Galicia.

### 3. MARCO DOUTRINAL

Este plan director ten como obxectivo definir as liñas de actuación, os obxectivos e as prioridades da cooperación galega para o desenvolvemento ao longo do período 2010-2013. Esta formulación de propósitos atopa o seu fundamento en diversos elementos doutriniais, aos que se aludirá brevemente neste capítulo. En parte, eses referentes normativos dan continuidade aos definidos no I Plan director 2006-2009. De forma adicional, e como novidade deste exercicio de planificación, faise referencia a algúns outros aspectos doutriniais que derivan dos consensos internacionais alcanzados nestes últimos anos. Por último, o capítulo péchase cunha referencia aos criterios que desde o punto de vista instrumental condensan o marco doutrinal descrito, e que supoñen a principal referencia para a definición das accións de cooperación.

#### 3.1- Elementos de referencia que seguen inspirando a cooperación galega

*Lei galega 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento*

A Lei 3/2003 de cooperación para o desenvolvemento representa o acordo fundamental da sociedade galega en materia de cooperación e, en consecuencia, é o principal documento de referencia para o establecemento dos piares que sustentan a planificación estratéxica. As bases doutriniais atópanse no capítulo I, e máis en particular nos seguintes artigos:

- Artigo 1: propósito xeral da axuda.

O artigo 1 identifica o obxecto da lei coa necesaria regulación daquelas accións que a comunidade galega asume como resultado da súa responsabilidade de cooperar con outros países para loitar contra a pobreza. Defínese, ademais, o ámbito de aplicación da lei, que comprende o conxunto actuacións, iniciativas e recursos que as diferentes organizacións, entidades e administracións públicas galegas poñen ao servizo dos pobos máis desfavorecidos.

- Artigo 2: obxectivos.

O artigo 2 fai referencia aos obxectivos a que se deberán encamiñar os esforzos da cooperación e os ámbitos en que esta se desprega. En concreto, o artigo 2 formula seis obxectivos que deben guiar a política de cooperación. A saber: i) apoiar os países con menor grao de desenvolvemento e situación de extrema necesidade en capas máis amplas da súa sociedade; ii) potenciación dos seus recursos humanos e materiais; iii) contribuír á xustiza e equidade nas relacións comerciais, políticas e estratéxicas na comunidade internacional; iv) atender as situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas; v) impulsar e promover a participación social e cidadá; e vi) promover a sensibilización das

sociedades e as institucións no norte para aproximar progresivamente o esforzo da cooperación ao 0,7% dos orzamentos.

- Artigo 3: principios da axuda.

O artigo 3 establece os principios que deben inspirar a axuda. Faise un recoñecemento, en primeiro lugar, do ser humano na súa dimensión individual e colectiva como protagonista último da cooperación para o desenvolvemento. Establécese, por outra parte, aquilo que define o proceso de desenvolvemento que se pretende promover, caracterizándoo como un desenvolvemento humano global, que permita a defensa e promoción de todos os dereitos humanos e as liberdades fundamentais, que fomente a paz, que sexa respectuoso cos modelos de desenvolvemento social e político que os pobos adoptasen, e, en definitiva, que respecte o dereito dos pobos a decidir sobre o seu propio futuro. Determinábase, adicionalmente, que a axuda se deberá rexer polo principio de gratuidade. Por último, alúdese a dous ámbitos relevantes para rexer a cooperación, como son a necesidade de traballar na comunicación das causas do empobrecemento e de avogar pola cancelación da débeda externa dos países en desenvolvemento.

- Artigo 4: criterios que deben rexer a xestión deste ámbito da acción pública.

O artigo 4 expón os criterios que debe observar a política de cooperación para unha xestión adecuada dos fondos públicos que a ela se dedican. Alúdese en primeiro lugar á necesidade de que exista coordinación e complementariedade entre administracións públicas e entre estas e a sociedade civil galega. Destácase a importancia de que as actuacións en materia de cooperación sexan coherentes cos principios e obxectivos establecidos. Sinálase que cómpre perseguir a eficacia en todas as fases da xestión e traballar por unha corresponsabilidade de todos os axentes de cooperación implicados, así como por un respecto á súa independencia. A xestión no seu conxunto debe ser transparente, e débense respectar as liñas básicas de acción exterior tanto da Administración galega como estatal.

#### *Xustificación do compromiso co desenvolvemento*

O compromiso co desenvolvemento en que se sustenta a política de cooperación emana dos valores de responsabilidade e de solidariedade sobre os que se conforma unha sociedade madura, responsable e solidaria como a galega. Este compromiso parece consubstancial a unha sociedade conformada sobre bases democráticas e asentada nun recoñecemento dos dereitos das persoas. Pódese xustificar semellante compromiso mediante tres argumentos complementarios:

- En primeiro lugar, por *razóns éticas* que derivan do recoñecemento dos dereitos que deben asistir todas as persoas, con independencia da súa orixe étnica, clase social, xénero ou relixión. A pobreza extrema atenta contra eses dereitos que a comunidade internacional acordou, e que se encontran expresados na Declaración dos Dereitos Humanos e, de forma complementaria, o recoñecemento do Dereito ao Desenvolvemento, de 1986.
- En segundo lugar, por asumir a *responsabilidade compartida* de contribuír a facer gobernable o sistema internacional, sentando as bases dunha orde máis xusta e estable, o que comporta avanzar na loita contra a pobreza e a desigualdade internacional. Só neste



marco se poderán afrontar desafíos globais como as crises humanitarias recorrentes ou a inseguridade internacional, o cambio climático ou as presións migratorias descontroladas.

- Por último, por *pór á disposición* doutros países os logros económicos, sociais e culturais de Galicia e, a través da cooperación, enriquecernos mediante o coñecemento mutuo e o intercambio cultural.

#### *Declaración de misión*

A declaración de misión expresa dunha forma concisa o sentido último dos esforzos que a sociedade galega realiza en materia de cooperación:

*Mediante a cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega pon á disposición dos pobos máis pobres do planeta a súa experiencia histórica, os seus valores, activos e recursos; súmase aos procesos existentes para combater a pobreza e as súas causas, promovendo activamente o dereito ao desenvolvemento integral, humano e sustentable, con equidade de xénero.*

#### *Visión e principios*

A visión encerra as características concretas do proceso de desenvolvemento ao que a sociedade galega pretende contribuír mediante a cooperación, entendendo esta desde unha perspectiva de responsabilidade compartida. Esta visión exprésase por medio de cinco principios, xa expresados no anterior plan director e que se consideran plenamente vixentes (cadro 1).

<b>Cadro 1: Principios da cooperación galega</b>
<i>1. O ser humano debe constituír o centro dos esforzos do desenvolvemento.</i>
<i>2. O desenvolvemento constitúe un proceso multidimensional e non simplemente económico.</i>
<i>3. O desenvolvemento ten que se concibir como opción de realización dos pobos.</i>
<i>4. O desenvolvemento constitúe unha responsabilidade compartida.</i>
<i>5. A xustificación última do proceso de desenvolvemento descansa na conquista efectiva dos dereitos para as persoas.</i>

#### *O ser humano debe constituír o centro dos esforzos do desenvolvemento*

Para a cooperación galega, o desenvolvemento consiste nun proceso de ampliación das capacidades e opcións das persoas. Este proceso debe ter como protagonista o ser humano e, como fin último, facelo máis libre respecto da necesidade para que poida despreparar as súas potencialidades e ampliar os seus escenarios de opción futura. Para acadar este obxectivo, constitúe un requisito primeiro garantir a satisfacción das necesidades básicas das poboacións, pero é igualmente relevante promover a equidade de xénero e a axeitada repartición de ingresos, activos, voz e oportunidades entre os pobos e as persoas.

### *O desenvolvemento constitúe un proceso multidimensional e non simplemente económico*

O proceso de crecemento económico, sendo unha condición necesaria para o proceso de desenvolvemento, non é en absoluto o único elemento que este contén. Cabe engadir catro dimensións adicionais que caracterizan ese proceso. En primeiro lugar, a *equidade social* é imprescindible para que os froitos do progreso cheguen a todas as persoas, e inclúe como obxectivo a crecente igualdade de oportunidades das persoas, con independencia da súa orixe social, sexo ou relixión, en todos os ámbitos da vida social, con atención especial á equidade de xénero. En segundo lugar, son imprescindibles a *democracia e a participación social*, xa que non cabe ampliación de capacidades se existen persoas excluídas dos procesos de decisión sobre todo aquilo que lles concirne. A *sustentabilidade ambiental* constitúe unha tradución do principio de equidade social ao ámbito interxeracional, facendo que o desenvolvemento presente non hipoteque as posibilidades de desenvolvemento das xeracións futuras. Por último, o respecto ao *diálogo intercultural* incide na necesidade de fomentar, desde a cooperación, un espírito de respecto e aprendizaxe mutuos, sobre a base do respecto á dignidade das persoas.

### *O desenvolvemento como opción de realización dos pobos*

Cada pobo debe ser o responsable e protagonista principal do seu propio desenvolvemento. Iso esixe, por unha parte, a capacidade de cada pobo para decidir o modelo de desenvolvemento de que se quere dotar. Por outra parte, o proceso de desenvolvemento elixido debe descansar sobre os propios recursos e capacidades para a súa plena realización. Non cabe, polo tanto, utilizar a cooperación para trasladar modelos de desenvolvemento externos, nin tampouco colaborar, por medio da axuda, no establecemento de dinámicas non sustentables que confíen o proceso de desenvolvemento a recursos e capacidades que son alleos aos do propio pobo suxeito do desenvolvemento.

### *O desenvolvemento como unha responsabilidade compartida*

O sistema mundial avanza cara a unha interdependencia cada día maior, e por iso xerar as condicións que permitan o progreso de todos constitúe unha responsabilidade compartida. Na actualidade existen as condicións para que, a través dunha acción concertada a escala internacional, se poña fin á pobreza extrema no planeta. Por este motivo, a persistencia da pobreza degrada moralmente a sociedade internacional que a tolera e é unha fonte de perturbacións que a todos/as afecta, danando a lexitimidade e capacidade de gobernanza do sistema internacional. O principio de responsabilidade compartida supón o establecemento de mecanismos que permitan flexibilizar a planificación aquí trazada no caso de países que non se corresponsabilicen nos procesos de desenvolvemento por eles elixidos.

### *A xustificación última do proceso de desenvolvemento descansa na conquista efectiva de dereitos para as persoas.*

A pobreza é unha situación caracterizada pola extrema carencia de recursos básicos que afecta as persoas en todas as ordes da vida e non só nos ingresos. Segundo este enfoque, as persoas pobres padecen non unicamente un estado de necesidade material, senón tamén, desde unha perspectiva máis ampla, unha falta de capacidade efectiva para desprezar as súas potencialidades e opcións vitais básicas. Esta situación constitúe unha agresión manifesta á dignidade do ser humano, aos seus dereitos, á súa capacidade para manter unha existencia tolerable e á liberdade para definir as súas opcións básicas de vida. Neste sentido, o fundamento último da cooperación ao

desenvolvemento, e do propio desenvolvemento en si ao que esta pretende contribuír, é a conquista efectiva de dereitos para as persoas, ampliando as súas opcións e graos de liberdade.

### 3.2- Os novos compoñentes da axenda

#### 3.2.1.- Os ODM e a súa consecución

No marco do Cumio do Milenio das Nacións Unidas (2000) foi aprobada a Declaración do Milenio como un gran compromiso internacional para combater a pobreza e promover, a través dunha acción concertada, logros sociais nos ámbitos das necesidades básicas, da equidade de xénero e da sustentabilidade ambiental. Os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM) concretan ese consenso internacional en torno a oito metas para conseguir en 2015 (cadro 2).

<b>Cadro 2: Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio</b>
<ol style="list-style-type: none"><li>1. <i>Erradicar a pobreza extrema e a fame.</i></li><li>2. <i>Lograr o ensino primario universal.</i></li><li>3. <i>Promover a igualdade entre os xéneros e a autonomía da muller.</i></li><li>4. <i>Reducir a mortalidade infantil.</i></li><li>5. <i>Mellorar a saúde materna.</i></li><li>6. <i>Combater o VIH/SIDA, o paludismo e outras enfermidades.</i></li><li>7. <i>Garantir a sustentabilidade do medio ambiente.</i></li><li>8. <i>Fomentar unha asociación mundial para o desenvolvemento.</i></li></ol>

Fonte: Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD).

Os ODM definen un mínimo de conquistas relacionadas coa dignidade humana á que todos os países se comprometen. Na medida en que os obxectivos están concertados no seo das Nacións Unidas, crean as bases dunha axenda compartida de desenvolvemento a escala internacional. Este mesmo feito posibilita unha acción máis coordinada entre os países doadores e os países en desenvolvemento, nun esforzo cooperativo para acabar coa pobreza. Adicionalmente, que estes oito obxectivos se traducisen en metas concretas cuantificables facilita o labor de seguimento e a posterior avaliación do conseguido a escala internacional, xerando un clima de misión compartida e de mutua emulación entre os países.

Os ODM eríxense como a principal referencia internacional en canto aos efectos que se deben perseguir mediante a cooperación, uns efectos que, desde un enfoque cuantitativo, supoñen melloras obxectivas nas condicións de vida das persoas máis pobres en ámbitos como a saúde, a educación, a equidade de xénero, o acceso á alimentación e a auga, ou a sustentabilidade ambiental do seu contorno. Desde un punto de vista máis amplo, tomar como referencia os ODM para planificar as accións de cooperación supón apoiar procesos de desenvolvemento que se asentan sobre un recoñecemento de dereitos das persoas, sendo as metas cuantitativas que se formulan un medio para acadar unha capacidade efectiva das persoas para reclamar os ditos dereitos.

### 3.2.2- A Axenda da Eficacia da Axuda

A Declaración de París, de 2005, impulsada polo Comité de Axuda ao Desenvolvemento (CAD) da OCDE no marco do Foro de Alto Nivel da Eficacia da Axuda, supón un paso importante no establecemento daqueles criterios e exixencias que poderían facer máis eficaz e de maior calidade a política de cooperación para o desenvolvemento.

Os principios que derivan da Axenda de París pretenden asentar as políticas de cooperación sobre relacións máis horizontais –menos xerárquicas– e sobre un compromiso máis estable e exixente –menos discrecional– entre doador e receptor. O obxectivo é fomentar a corresponsabilidade de todos os actores implicados na promoción do desenvolvemento, incrementar o grao de protagonismo dos países en desenvolvemento na definición das súas propias prioridades e fomentar a súa maior autonomía de forma progresiva, intentando evitar relacións de dependencia da axuda que impiden os procesos autónomos de desenvolvemento. Por outra banda, desde un punto de vista máis instrumental, destácase a necesidade de transitar cara a fórmulas máis ambiciosas e marcos temporais máis dilatados que permitan a coordinación dos doadores e a apropiación do desenvolvemento por parte dos países beneficiarios. Estas orientacións traducíronse en cinco principios esenciais que forman o núcleo da Axenda de París. A saber:

- *Apropiación*: os países socios (aqueles que reciben axuda) deben liderar de forma activa o seu propio proceso de desenvolvemento.
- *Aliñamento*: os países doadores deben integrar o seu apoio nas estratexias dos países socios, e canalizalo mediante as súas institucións e procedementos.
- *Harmonización*: os doadores deben actuar de forma máis coordinada, favorecendo accións conxuntas, non contraditorias e transparentes.
- *Xestión orientada a resultados*: os recursos débense administrar de acordo con obxectivos claramente establecidos.
- *Mutua responsabilidade*: doadores e socios son responsables dos resultados dos procesos de desenvolvemento.

Estes principios reitores pretenden conformar unha axenda para facer máis eficaz a política de cooperación para o desenvolvemento. Para que eses principios non quedasen en mera expresión de vontade, definiuse, ademais, unha relación de doce indicadores, a través dos cales se pretende facer seguimento do grao en que os doadores cumpren o acordado (cadro 3).

### **Cadro 3: Indicadores para o seguimento da aplicación da Axenda de París**

1. *Os países socios teñen estratexias de desenvolvemento operativas.*
2. *Os países socios traballan conxuntamente cos doadores para establecer marcos reciprocamente acordados, que achegan sistemas fiables de xestión financeira pública e de adquisicións do sector público.*
3. *Os fluxos de axuda dos doadores adáptanse ás prioridades nacionais.*
4. *Mediante a súa axuda coordinada, os doadores fortalecen a capacidade dos colaboradores para o desenvolvemento.*
5. *Os doadores utilizan os sistemas públicos de xestión financeira e de adquisicións do país.*
6. *Os doadores fortalecen a súa capacidade evitando estruturas de execución paralelas.*
7. *A axuda dos doadores é máis previsible e proporciónase segundo plans acordados.*
8. *A axuda dos doadores non está vinculada ao feito de que aumente a súa eficacia reducindo o custo da transacción para os países colaboradores e mellore a propiedade e a posición do país.*
9. *Os doadores harmonizan e aplican disposicións comúns de simplificación dos acordos.*
10. *Os doadores colaboran para reducir o número de misións separadas e reiterativas e o labor analítico dos países.*
11. *Os países socios tratan de establecer marcos orientados á obtención de resultados, que seguen de cerca os progresos e os comparan con parámetros clave das estratexias de desenvolvemento nacionais e sectoriais.*
12. *Os países socios e os doadores fomentan a mutua responsabilidade dos resultados de desenvolvemento.*

Fonte: Comité de Axuda para o Desenvolvemento (CAD).

O espírito da Declaración de París viuse continuado a través do Programa de Acción acordado en Accra (2008), no marco do mesmo Foro de Alto Nivel sobre a Eficacia da Axuda. O propósito do Programa de Acción de Accra é acelerar e afondar na aplicación dos principios da Axenda da Eficacia da Axuda acordada en París. No acordo destácase a necesidade de incrementar a transparencia, reducir a fragmentación da axuda, lograr unha maior previsibilidade dos recursos e promover un emprego máis eficaz das súas potencialidades. Confíreselles un papel relevante ás administracións públicas de nivel rexional e local na articulación do esforzo común a favor da cooperación e establécese a necesidade de que a cidadanía participe nos procesos de apropiación do desenvolvemento nos países socios. Por último, destácase a necesidade de afondar na

colaboración entre todos os actores implicados na promoción do desenvolvemento, incluíndo a sociedade civil e o sector privado.

### 3.3- Criterios xerais que deberán inspirar a política de cooperación

Acorde co sinalado na Axenda de París, os pobos deben ter o máximo protagonismo na definición do proceso de desenvolvemento que desexan seguir. Cabe entender a cooperación, polo tanto, como un instrumento orientado a estimular e apoiar o esforzo que os pobos realizan para promover o seu propio desenvolvemento. Acorde con este enfoque, sete son os criterios que se establecen para orientar a política de axuda, co fin de que esta sexa útil na promoción do desenvolvemento tal e como o entende este plan director (cadro 4).

<b>Cadro 4: Criterios para a política de cooperación galega</b>
<ol style="list-style-type: none"><li>1. <i>A axuda debe ser eficaz.</i></li><li>2. <i>A axuda debe ser previsible.</i></li><li>3. <i>A axuda debe concentrar os seus recursos.</i></li><li>4. <i>A axuda débese xestionar de forma transparente.</i></li><li>5. <i>Cómpre buscar maior grao de coherencia tanto dentro da política de axuda como na relación desta con outros ámbitos da acción pública.</i></li><li>6. <i>A axuda debe fomentar a participación social do doador e dos países socios.</i></li><li>7. <i>A axuda debe promover a integración e coordinación de actores na sociedade galega.</i></li></ol>

#### *A axuda debe ser eficaz*

O criterio de eficacia xustifícase por un dobre motivo. En primeiro lugar, a axuda constitúe un esforzo da cidadanía galega que os seus representantes lexítimos canalizan cara aos países do sur. Polo tanto, existe a exigencia, implícita na xestión de todo recurso público, de facer un uso que permita a consecución dos obxectivos propostos no maior grao posible. Pero, ademais, a este criterio de exigencia de eficacia da axuda únese o feito de que os seus recursos se orientan a atender necesidades básicas de poboacións en extremado grao de carencia e vulnerabilidade, o cal reclama o máis eficaz aproveitamento dos recursos dispoñibles. O criterio da eficacia debe ser observado na planificación de todas as actividades de cooperación. A Axenda de París constitúe unha boa guía para identificar aqueles factores que poden condicionar a eficacia da cooperación galega.

#### *A axuda debe ser previsible*

Como sinala o Programa de Acción de Accra, a previsibilidade é un dos factores que inciden de forma importante na capacidade de impacto da axuda. A motivación é dobre. Por unha parte, nos países receptores a elevada volatilidade dos fluxos de axuda impide que estes sexan

adecuadamente integrados na programación dos esforzos nacionais. Esforzos discontinuos e non sostidos perden parte da súa capacidade para xerar unha auténtica dinámica de desenvolvemento con capacidade transformadora. Por outra parte, a articulación do esforzo solidario na sociedade galega, sustentadora da política de cooperación, dificultase tamén polo feito de que exista unha elevada imprevisibilidade nos fondos dedicados á axuda. A cooperación é unha política en permanente crecemento e aprendizaxe a partir das experiencias acumuladas, e factores tan importantes como a mellora nas capacidades, a integración de diferentes actores ou o labor de incidencia social, entre outros, vense dificultados pola imprevisibilidade dos recursos dedicados á cooperación.

#### *A axuda debe concentrar os seus recursos*

Outro aspecto en que incide o Programa de Acción de Accra é a necesidade de concentrar recursos. É aconsellable promover unha cooperación que evite a fragmentación excesiva do esforzo dos doadores. De novo, tamén aquí hai dúas razóns que xustifican esta recomendación: en primeiro lugar, a excesiva dispersión das intervencións dificulta os procesos de apropiación do desenvolvemento por parte dos receptores; por outra, a fragmentación da axuda limita a capacidade de impacto dos recursos manexados. Así pois, para superar esta dificultade deberanse definir unhas prioridades xeográficas e sectoriais máis exixentes e promover uns marcos de actuación máis ambiciosos, mediante os instrumentos de canalización máis axeitados a este fin.

#### *A axuda débese xestionar de forma transparente*

A transparencia é un criterio que cómpre observar, en primeiro lugar, porque a axuda ao desenvolvemento é unha política pública, que se financia con recursos procedentes da achega de toda a cidadanía. Neste sentido, a Lei 4/2006, do 30 de xullo, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega (DOG 14/7/06), constitúe unha referencia obrigada, tamén neste campo da cooperación internacional. A Administración asume o compromiso de informar adecuadamente a cidadanía con respecto a todo o que se leva a cabo no seu nome en materia de cooperación. A transparencia, ademais, representa un papel importante na capacidade de mobilización do tecido social galego, xa que a difusión das experiencias acumuladas permite que o proceso de aprendizaxe constante que supón unha política como a cooperación ao desenvolvemento se enriqueza abríndose ás achegas de todos os actores da sociedade. Débese entender a transparencia, polo tanto, como un elemento imprescindible da xestión dos recursos públicos, que adicionalmente é funcional a outros obxectivos que debe perseguir a política de cooperación, como son a dinamización do tecido da cooperación e a integración dos seus actores.

#### *Debe haber a maior coherencia posible tanto dentro da política de axuda como na relación desta con outros ámbitos da acción pública*

A coherencia debe estar presente na planificación da política de cooperación, en diferentes sentidos. En primeiro lugar, no conxunto de accións de cooperación: toda actividade que se leve a cabo nun país ou área xeográfica debe perseguir o máximo grao de coherencia interna nos propósitos e medios de actuación, aproveitando as potencialidades que ofrece a multiplicidade de actores, e evitando as contradicións a que esta multiplicidade pode conducir. En segundo lugar, conforme o mandato das leis española e galega de cooperación para o desenvolvemento e o acordado no seo da UE, é necesario promover o maior grao de coherencia posible entre a política de cooperación e o resto das políticas públicas con impacto sobre as posibilidades de desenvolvemento. O motivo principal para avanzar nese proceso é mellorar a eficiencia e eficacia

do esforzo de desenvolvemento, xa que a existencia de contradicións entre as accións de cooperación e outras políticas públicas non fai senón diminuír o efecto da acción pública.

*A axuda debe fomentar a participación social no doador e nos países socios*

A participación social é un elemento imprescindible que debe ser promovido polas accións que pretendan colaborar nos procesos de desenvolvemento. No que concirne ao receptor, porque é condición necesaria para avanzar na consolidación dos valores democráticos, para alcanzar logros efectivos en materia de equidade e, en definitiva, para favorecer a apropiación dos países do seu propio proceso de desenvolvemento. No que concirne ao doador, porque a participación lle engade lexitimidade á política de cooperación, facendo partícipe en maior medida a cidadanía que a sustenta.

*A axuda debe promover a integración e coordinación de actores na sociedade galega*

A transparencia e o fomento da participación social no seo da sociedade galega son condicións necesarias para lograr, entre outras cosas, un maior grao de implicación directa da cidadanía na política de cooperación. Pero estes dous factores non son suficientes para acadar este último obxectivo: cómpre, ademais, promover fórmulas de actuación e instrumentos que lles permitan a todos os actores da sociedade galega integrarse no esforzo compartido da cooperación. A través desa vía poderase lograr un aproveitamento máis pleno das complementariedades dos diferentes actores, articulando os seus respectivos activos, recursos e capacidades ao servizo do desenvolvemento. O criterio de promoción da integración débese observar para conseguir que cada actor atope fórmulas adecuadas que lle permitan achegar o seu valor engadido particular, aquel que o identifica dentro do conxunto de actores da cooperación.



## 4. PROPÓSITOS ESTRATÉXICOS

Unha vez establecidos os fundamentos doutrinarios que deben inspirar a política de cooperación galega, estase en condicións de definir as súas directrices estratéxicas para o período 2010-2013. O primeiro paso nese proceso é o establecemento dos ámbitos e obxectivos que articularán a política de axuda. Para identificar eses propósitos, é imprescindible partir do recoñecemento daqueles activos e recursos propios da sociedade galega que poden ser postos á disposición dos países en desenvolvemento, ao tempo que cómpre recoñecer aquelas carencias ou debilidades das que se parte. O diagnóstico realizado no capítulo 2 pode axudar nesa tarefa. Adicionalmente, tivéronse en conta as orientacións e compromisos do Plan director da Cooperación Española 2009-2012, para facer compatible, na medida do posible, os esforzos da sociedade galega cos do conxunto do Estado, definindo, pola súa vez, os trazos propios e os ámbitos de especialización característicos da cooperación galega.

### 4.1.- Ámbitos estratéxicos de actuación

Pois ben, a definición dos propósitos estratéxicos estruturábase arredor de tres grandes *ámbitos de actuación*:

1. *Contribución á redución da pobreza colaborando na consecución dos ODM e promovendo o desenvolvemento nos países do sur.*

Inclúense neste ámbito todas as propostas de actuación para seren levadas a cabo nos países en desenvolvemento destinatarios de axuda, de acordo co obxectivo último ao que se encamiñan os esforzos, que é facer realidade os ODM, promover o desenvolvemento e loitar contra a pobreza e as desigualdades. Neste ámbito, defíniranse, polo tanto, os propósitos máis centrais a conseguir nos países socios por parte dos actores do sistema galego de cooperación, fixando os contidos e ámbitos onde se tratarán de concentrar os esforzos da axuda.

2. *Mellora da calidade da axuda incorporando de forma máis efectiva os principios da Axenda de París.*

Neste ámbito inclúense todas as propostas destinadas a mellorar a calidade e eficacia da política galega de cooperación, establecendo os criterios para a súa mellor xestión e instrumentación. Este ámbito trata de crear as condicións, desde o punto de vista das políticas e instrumentos, para que a cooperación despreque o maior potencial transformador posible nos países en desenvolvemento.


3. *Promoción na sociedade galega da conciencia solidaria e o coñecemento sobre a realidade do sur.*

Inclúense neste terceiro ámbito todas as accións destinadas a lograr que a sociedade galega sustente firmemente a política de cooperación e sexa partícipe dela. Sen dúbida, é esta a base de todo esforzo en materia de cooperación, cuxo fin último é promover as condicións axeitadas para

que toda a cidadanía poida realizar unha contribución útil ao esforzo común para a promoción do desenvolvemento, canalizándose as súas potencialidades da forma máis efectiva posible.

Os tres ámbitos de actuación brevemente descritos supoñen o primeiro nivel de organización da planificación estratéxica (cadro 1). Cada un deles agrupa un conxunto de obxectivos xerais, que articulan os principais propósitos no seo de cada ámbito. Pola súa vez, estes obxectivos xerais concrétanse, a un terceiro nivel na planificación, nunha serie de obxectivos específicos que orientan de forma concreta as accións de cooperación.

**Cadro 1: Esquema da planificación estratéxica 2010-2013**



A planificación complétase co establecemento dun conxunto de indicadores cuantitativos ou cualitativos para cada un dos obxectivos específicos, que supoñan un elemento útil que facilite o seguimento e a posterior avaliación dos compromisos adquiridos. No anexo 1 expóñense de maneira sinóptica os diversos niveis de compromisos que se conteñen na planificación estratéxica proposta.

#### **4.2.- Obxectivos xerais e específicos**

A continuación ofrécese unha enunciación dos obxectivos xerais e específicos propios de cada ámbito de actuación.

#### ***Ámbito 1: Contribución á redución da pobreza colaborando na consecución dos ODM e promovendo o desenvolvemento nos países do sur***

---

##### **OX. 1.- Contribuír á loita contra a pobreza colaborando na consecución dos ODM.**

*O.E. 1.1.- Priorizar as actividades destinadas á satisfacción de necesidades sociais básicas.*

As necesidades sociais básicas constitúen un elemento primordial para garantir unha vida digna das persoas. Colaborar na súa satisfacción é unha condición necesaria para poder contribuír ás opcións de desenvolvemento das poboacións do sur. Acorde con iso, a cooperación galega dedicará unha especial atención aos ámbitos de saúde, nutrición, educación básica, mellora das condicións de habitabilidade, subministración de auga e saneamento e seguridade alimentaria.

*O.E. 1.2.- Asegurar que unha parte da axuda se destina aos países menos adiantados.*

A comunidade internacional establece unha relación de países, os chamados países menos adiantados (PMA), que combinan un baixo ingreso, alta vulnerabilidade e moi baixos niveis de desenvolvemento humano, e que polo tanto deben ser obxecto de especial atención por parte da AOD. A cooperación galega asume como propio este consenso internacional e, polo tanto, fixa como obxectivo asegurar que unha parte da axuda vaia destinada a este grupo de países, nos que é máis necesario que en ningún outro lugar efectuar unha contribución substancial á erradicación da pobreza.

*O.E. 1.3.- Priorizar as accións dirixidas aos grupos especialmente vulnerables.*

A pobreza non afecta de forma homoxénea todos os membros dunha sociedade, de tal forma que determinados grupos con características diferenciadas poden padecer estados de necesidade máis importantes que o resto da poboación á que pertencen. Por iso, cómpre atender de forma específica estes grupos poboacionais con necesidades diferenciadas, como por exemplo as persoas con discapacidade ou os grupos étnicos diferenciados, entre outros. Adicionalmente, non se debe esquecer a necesidade de tomar en consideración a dimensión de xénero nas actuacións que se leven a cabo focalizadas dentro de cada un destes grupos poboacionais específicos.

##### **OX. 2.- Potenciar o desenvolvemento económico de base local e ambientalmente sustentable.**

*O.E. 2.1.- Fortalecer as capacidades institucionais en xestión ambiental e os procesos de participación social para reducir a vulnerabilidade ante a deterioración ambiental do hábitat como consecuencia da acción do ser humano, do cambio climático ou outras causas.*

Preténdese reducir a vulnerabilidade das poboacións dos países do sur ante circunstancias que ameazan de forma grave as súas estratexias de supervivencia e hábitat, como por

exemplo: furacáns, secas, terremotos, inundacións e tsunamis, deforestacións, contaminación de acuíferos, humidais e terras de cultivo, entre outras. A acción colectiva da poboación, cando está organizada desde as institucións locais, é especialmente importante para lograr impactos reais neste ámbito relacionado coa seguridade das persoas.

*O.E. 2.2.- Fortalecer un tecido produtivo diversificado con especial atención tanto aos sectores en que Galicia achega un recoñecido valor agregado como ás formas de organización baseadas no cooperativismo.*

O desenvolvemento de capacidades produtivas é un compoñente necesario dos procesos de desenvolvemento. Neste ámbito, Galicia pretende efectuar unha contribución co maior valor agregado posible. Por outra parte, e como forma de organización produtiva, potenciarase o cooperativismo, de novo pola experiencia galega neste ámbito, ademais de polos seus efectos na promoción de tecido produtivo de bases local.

*O.E. 2.3.- Fomentar os proxectos en que se consideren o desenvolvemento rural, pesqueiro e acuícola de base social e ambientalmente sustentable.*

É necesario fomentar nas rexións e comunidades accións integrais de desenvolvemento que permitan mellorar no seu conxunto os sistemas de vida das poboacións. A organización do tecido produtivo rural, pesqueiro e acuícola de base local recibirá especial atención. Os procesos de desenvolvemento promovidos deben prever de xeito explícito a dimensión ambiental, para que as estratexias de desenvolvemento do presente non comprometan as opcións de desenvolvemento das xeracións futuras.

### **OX. 3.- Promover a gobernanza democrática e o fortalecemento da participación da sociedade civil.**

*O.E. 3.1.- Potenciar o desenvolvemento institucional e o bo goberno nos ámbitos locais e rexionais.*

O desenvolvemento institucional e o bo goberno son imprescindibles para promover dinámicas sólidas de desenvolvemento, xa que todo proceso de ampliación de capacidades da poboación descansa necesariamente nun tecido institucional activo, articulado e sensible ás demandas da cidadanía á cal representa. Cómpre, polo tanto, reforzar os piares do Estado democrático. Galicia, como comunidade autónoma que realiza cooperación descentralizada, atenderá especialmente os ámbitos da Administración locais e rexionais, nos cales pode chegar unha experiencia singular.

*O.E. 3.2.- Promover o respecto aos dereitos humanos fortalecendo o tecido social nos países en desenvolvemento.*

Os dereitos humanos son dereitos fundamentais das persoas. O obxectivo do desenvolvemento é conseguir un proceso de ampliación efectiva dos dereitos das persoas. Por iso se promoverá a defensa dos dereitos humanos como eixe fundamental dos procesos de desenvolvemento aos que Galicia contribúe mediante a cooperación. Adicionalmente, e desde un punto de vista instrumental, o respecto dos dereitos humanos é necesario para a consolidación dun tecido social, así como para a lexitimación das

institucións gobernamentais, dimensións relevantes para incrementar a solidez dos procesos de desenvolvemento.

**OX. 4.- Mellorar a cohesión social, contribuíndo a unha redución das desigualdades e a un incremento da equidade de xénero.**

*O.E. 4.1.- Promover o empoderamento das mulleres e incorporar o enfoque de xénero no desenvolvemento a todas as propostas de actuación.*

O enfoque de xénero é imprescindible en todas as iniciativas de cooperación para o desenvolvemento. Así pois, articularase unha acción decidida para que o enfoque de *xénero no desenvolvemento* se incorpore de forma efectiva na formulación de proxectos, con especial atención ao exercicio efectivo dos dereitos políticos e sociais das mulleres, incluídos os dereitos sexuais e reprodutivos, tal e como se recoñece nos diferentes instrumentos internacionais ratificados polo Reino de España, igual que se promoverán aquelas iniciativas que favorezan a toma de conciencia do poder individual e colectivo das mulleres, facendo que estas sexan partícipes na toma de decisións de forma plena e autoafirmada.

*O.E. 4.2.- Apoiar as políticas públicas que favorezan a igualdade e a mobilidade social.*

As políticas sociais e redistributivas son unha das ferramentas principais para xerar, desde os países do sur, un desenvolvemento sustentable que permita unha ampliación das opcións de vida para os seus habitantes. Por iso, deberanse apoiar aquelas iniciativas do sector público que promovan a igualdade en todas as súas dimensións, incluída a de xénero, e a mobilidade social, fortalecendo así o papel do Estado como responsable na redución de desigualdades.

*O.E. 4.3.- Defender a interculturalidade.*

O concepto de diversidade cultural establecido pola UNESCO alude á necesidade de respectar e defender as distintas realidades culturais e os compoñentes de identidade das persoas. Iso constitúe un dos obxectivos que se deben cumprir para lograr a mellora da cohesión social e a equidade, xa que un proceso de desenvolvemento que non atende a esta dimensión estaríalles negando a igualdade de oportunidades a determinados grupos sociais polo mero feito de representaren realidades culturais diversas. Para evitar esta potencial fonte de desigualdade e discriminación, apoiaranse iniciativas destinadas a fomentar o respecto e entendemento das diferentes culturas que coexisten no mundo.

**OX. 5.- Realizar unha acción humanitaria integral de calidade.**

*O.E. 5.1.- Contribuír á redución de riscos fortalecendo a capacidade local para diminuír a vulnerabilidade das poboacións ante posibles catástrofes.*

Existen poboacións nos países do sur que se enfrontan a un risco para a súa supervivencia e a dos seus modos de vida, asociado á posibilidade de que suceda unha catástrofe, xa sexa causada polo home ou por causas naturais. É obrigada que a cooperación para o desenvolvemento se propoña contribuír a reducir o nivel de vulnerabilidade das poboacións ante eses fenómenos. O obxectivo é que as poboacións estean mellor

preparadas para soportar o desastre, se este chega, de forma que a poboación se recupere o antes posible dos seus efectos.

*O.E. 5.2.- Mellorar a axilidade e a eficacia da resposta humanitaria galega nas fases de emerxencia e reconstrución.*

A acción humanitaria é un ámbito de actuación altamente especializado no cal a calidade da planificación e a xestión das intervencións inflúen decisivamente nas súas opcións de afectar positivamente as poboacións ás que se trata de axudar. Por este motivo, cómpre traballar para que a resposta por parte da cooperación galega sexa o máis rápida, flexible e adecuada posible a cada contexto. Iso require, entre outras cuestións, unha mellora na planificación e capacidade de xestión dos recursos neste ámbito. Así mesmo, no caso de situacións de emerxencia provocadas por catástrofes de gran magnitude, o Consello da Xunta de Galicia poderá aprobar orzamentos extraordinarios para axudar a paliar na medida do posible os seus efectos.

## ***Ámbito 2: Mellora da calidade da axuda incorporando de forma máis efectiva os principios da Axenda de París***

---

### **OX. 6.- Lograr unha maior previsibilidade a medio prazo dos recursos e marcos de actuación.**

*O.E. 6.1.- Seguir unha programación que permita asegurar ao finalizar o período de vixencia do II Plan director un incremento dos recursos de entre un 50% e un 100% con respecto aos recursos dedicados en 2009.*

Galicia aspira a incrementar paulatinamente o esforzo que realiza en materia de cooperación. Pero igualmente importante é que este crecemento se leve a cabo seguindo unha senda estable e previsible. Para iso, establécese un obxectivo realista a medio prazo, que consiste nun incremento nos recursos desembolsados de entre un 50% e o 100% ao longo do período de vixencia do II Plan director, como mínimo; se ben, se a evolución económica así o permitise, tentarase acadar un maior crecemento dos recursos para cooperación que sitúe o esforzo financeiro de Galicia na media do esforzo das CC.AA. ao final do período do Plan director.

*O.E. 6.2.- Incrementar os fondos dirixidos a accións con marcos de planificación plurianuais.*

A cooperación para o desenvolvemento pretende xerar o maior impacto posible nos países do sur. Os marcos de actuación plurianuais son os máis adecuados para contribuír a ese fin, e por iso debe ser un obxectivo da cooperación potencialos. En primeiro lugar, porque contemplan a realidade das comunidades en que se centran as actuacións de forma máis integral e contextualizada. En segundo lugar, porque as dinámicas de desenvolvemento, para seren sólidas, deben descansar sobre procesos longos e previsibles.

## **OX. 7.- Manter un adecuado grao de concentración dos fondos.**

*O.E. 7.1.- Limitar o número de países prioritarios e concentrar neles como mínimo o 80% dos recursos.*

Para lograr unha elevada capacidade de impacto coa axuda, é necesario, en primeiro lugar, unha limitación do número de países aos que se van a dirixir os recursos. Por iso, este II Plan director establece unha lista reducida de dez países prioritarios e establécese o obxectivo de lles dedicar a eses países, como mínimo, o 80% da AOD galega desembolsada no exterior. Para conseguilo, promoverase que as accións de cooperación no exterior se leven a cabo preferentemente nestes países, un requisito que é obrigado no caso dos programas de cooperación.

*O.E. 7.2.- Lograr un nivel de concentración dos recursos nos diferentes sectores de acordo co establecido nas prioridades sectoriais.*

Para acadar o maior impacto posible coa axuda, cómpre, ademais de promover unha concentración xeográfica, establecer as áreas cara ás que se orientará preferentemente o desembolso e qué parte do total de fondos se pretende dedicar a cada unha delas. Esta priorización sectorial, que intenta cumprir un papel orientativo, establécese neste plan director, e definiuse considerando tanto a asignación sectorial da axuda que tivo lugar no período 2006-2009 como o peso relativo que se lles pretende dar aos diferentes sectores de actuación para o período 2010-2013.

## **OX. 8.- Mellorar a planificación e a xestión das intervencións.**

*O.E. 8.1.- Avanzar na priorización de rexións xeográficas e sectores de actuación dentro de cada país.*

A focalización dos recursos establecendo prioridades xeográficas e sectoriais é un paso imprescindible para que a cooperación galega poida realizar achegas ao desenvolvemento con alta capacidade de impacto. Adicionalmente, é importante avanzar nunha maior concentración da axuda en sectores e rexións xeográficas prioritarias dentro de cada país, co fin de aproveitar todas as posibles complementariedades que se poidan establecer sobre o terreo entre os diversos actores presentes, e de realizar, en suma, unha achega ao desenvolvemento o máis integral e transformadora posible. Iso require un coidadoso traballo de diagnóstico previo, e con ese propósito establécese este obxectivo.

*O.E. 8.2.- Mellorar a capacidade da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior para liderar de forma efectiva unha acción humanitaria galega de calidade.*

A Subdirección Xeral de Cooperación Exterior adquirirá o obxectivo de canalizar o esforzo da cooperación galega en materia de acción humanitaria (AH). Para que dita subdirección sexa realmente a referencia neste ámbito dentro do tecido galego de cooperación, é necesario fortalecer as capacidades técnicas da mesma e mellorar os mecanismos de canalización de fondos para AH.

*O.E. 8.3.- Mellorar a funcionalidade dos instrumentos de canalización da axuda e a súa adecuación aos tipos de actuación aos que van destinados.*

Os instrumentos de canalización da axuda supoñen unha ferramenta básica para transformar o compromiso solidario da cidadanía galega en accións concretas. Existen distintos resortes instrumentais, cada un coas súas especificidades. Este obxectivo específico alude á necesidade de lograr que cada instrumento facilite, na medida do posible, a consecución dos fins da cooperación galega, á vez que garante o respecto aos criterios e principios que a inspiran.

*O.E. 8.4.- Fortalecer a capacidade da Xunta para exercer un papel de liderado e dinamización na articulación dunha cooperación galega de calidade.*

A creación da nova estrutura de Axencia Galega de Cooperación debe servir como referencia para impulsar un proceso que permita lograr unha maior eficacia e flexibilidade na xestión da axuda. Por iso, é importante elaborar e presentar unha proposta de creación da dita axencia durante a primeira metade do período de vixencia deste II Plan director, co fin de que esta poida estar operativa antes da finalización do período de vixencia do Plan. Pero, independentemente do avance cara a unha estrutura de xestión diferente, cómpre fortalecer a unidade xestora da política de axuda actualmente existente, dotándoa de máis recursos humanos e técnicos. Asemade, e como resultado dese fortalecemento, é necesario lograr unha maior coordinación entre os diferentes departamentos da Xunta implicados na cooperación ao desenvolvemento.

Para acadar estes fins, facilitarase a participación dos empregados e empregadas da Administración pública galega en iniciativas de cooperación ao desenvolvemento e AH, posibilitando a solicitude de permisos, licenzas, etc., para poder desempeñar no terreo iniciativas en proxectos de desenvolvemento ou de acción humanitaria ou de emerxencia.

#### **OX. 9.-. Incrementar o grao de transparencia e de rendición de contas da cooperación galega.**

*O.E. 9.1.- Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación.*

Para que unha política de cooperación sexa transparente, cómpre que a información sobre ela sexa accesible ao público. Débese facilitar en maior medida, polo tanto, o acceso a toda a información das distintas actividades de cooperación que se levan a cabo, incluídos tanto os aspectos económicos máis relevantes como información adecuada e actualizada respecto aos axentes da cooperación, entre outros aspectos.

*O.E. 9.2.- Mellorar a actividade avaliadora.*

A avaliación é necesaria por dous motivos. En primeiro lugar, é un elemento imprescindible para que a política de axuda teña progresivamente unha maior calidade e capacidade de impacto. En segundo lugar, porque a política de cooperación se leva a cabo con fondos públicos, e é exixible polo tanto un exercicio de rendición de contas. Este obxectivo alude á necesidade de avanzar cara a un sistema de avaliación estable e previsible das actividades de cooperación, coas debidas garantías en canto á independencia dos exercicios de avaliación e á fiabilidade e publicidade dos resultados que deles deriven. Tamén debe ser obxecto de seguimento e avaliación a aplicación deste plan director. Por este motivo, e en



primeiro lugar, a Subdirección Xeral de Cooperación Exterior realizará un informe de seguimento de medio termo sobre a aplicación do II Plan director, que será presentado ao Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento. En segundo lugar, realizarase unha avaliación externa e independente sobre o cumprimento do II Plan director, que terá lugar durante o último semestre da súa vixencia e cuxos resultados se farán públicos.

**OX. 10.- Mellorar os niveis de coordinación coa cooperación española e co resto das cooperaciónns autonómicas e iniciar unha gradual presenza da cooperación galega na acción multilateral.**

*O.E. 10.1.- Aproveitar as oportunidades que ofrece a Conferencia Sectorial de Cooperación para o Desenvolvemento para lograr un maior aliñamento e coordinación.*

A Conferencia Sectorial de Cooperación para o Desenvolvemento constitúe unha oportunidade para pór en común experiencias entre as administracións públicas coa finalidade de promover unha maior coordinación de criterios e intervencións. A Xunta aproveitará esta instancia para dar a coñecer a súa política e para impulsar procesos de aliñamento e coordinación doutros actores públicos do sistema español de axuda.

*O.E. 10.2.- Promover iniciativas de coordinación con outros sistemas de cooperación, con especial referencia ás cooperaciónns autonómicas.*

Con independencia da conferencia sectorial, a Xunta de Galicia tratará de pór en marcha iniciativas compartidas nos ámbitos da súa especialización, sexa coa cooperación española (encadradas no convenio marco xa existente entre a Xunta e a AECID), sexa con outras cooperaciónns autonómicas. Asemade, promoverá aquelas iniciativas (como as avaliacións entre pares) que axuden a mellorar a calidade da cooperación despregada polas comunidades autónomas.

*O.E. 10.3.- Promover de forma gradual a presenza da cooperación galega na acción multilateral.*

Durante o período de vixencia do plan director, a Xunta tratará de identificar posibles socios multilaterais naqueles programas en que sexa máis pertinente a súa implicación. O propósito é propiciar un maior coñecemento da cooperación galega por parte dalgúns actores multilaterais, ao tempo que se propicia que actores do sistema galego teñan acceso a instancias multilaterais. Esta liña de acción despregarase moi activamente e con carácter xeral no caso da cooperación comunitaria e, dunha maneira máis especializada, coa FAO, OEI, PNUD e UNICEF nos programas de cooperación directa. Asemade, traballarase para propiciar a existencia de pasantías e prácticas de bolseiros/as galegos/as nestas institucións.

**Ámbito 3: Promoción na sociedade galega da conciencia solidaria respecto á realidade do sur e da súa participación efectiva na promoción do desenvolvemento**

---

**O.X. 11.- Mellorar a capacidade técnica e organizativa do tecido galego de cooperación para realizar unha contribución efectiva á cooperación para o desenvolvemento.**

*O.E. 11.1.- Fortalecer os axentes da cooperación galega para mellorar a súa capacidade de contribuír eficazmente ao esforzo galego en materia de cooperación.*

A Xunta de Galicia ten como obxectivo promover as condicións adecuadas para que os diferentes actores da cooperación poidan realizar unha contribución efectiva e de calidade ao esforzo galego na promoción do desenvolvemento. Neste ámbito inclúense actividades de fortalecemento estrutural e, de forma moi importante, a capacitación dos diversos actores nos ámbitos específicos da cooperación ao desenvolvemento.

*O.E. 11.2.- Incrementar a coordinación entre os actores da cooperación galega.*

*A coordinación entre os actores que forman o tecido galego da cooperación é importante para que o esforzo conxunto en materia de axuda ao desenvolvemento sexa o máis eficaz posible. O papel desde a Xunta é, neste sentido, o de promover accións conxuntas entre diferentes actores, así como a creación de espazos de diálogo e encontro para que os axentes con áreas de actuación complementarias ou similares poidan establecer marcos de colaboración e acción concertada que xeren unha maior capacidade da cooperación galega no seu conxunto.*

#### **O.X. 12.- Realizar unha política activa e integral de educación para o desenvolvemento da sociedade galega.**

*O.E. 12.1.- Estender a educación para o desenvolvemento aos diferentes ámbitos da sociedade fomentando a coordinación entre os actores implicados.*

Para promover cambios nas opinións e percepcións da cidadanía galega respecto aos países en desenvolvemento e a política de axuda que desde Galicia se leva a cabo, é imprescindible a educación para o desenvolvemento e a educación para a cidadanía global. Levarase a cabo nos ámbitos formal, non formal e informal, para lograr un efecto transformador nas actitudes cara á realidade das interrelacións globais que hoxe se dan no mundo, e os efectos sobre as desigualdades e a pobreza. De igual forma, fomentárase a coordinación entre aqueles actores que estean implicados na ED, promovendo accións conxuntas e complementarias.

*O.E. 12.2.- Fomentar o comercio xusto e o consumo responsable.*

O comercio xusto e o consumo responsable constitúen importantes liñas de actuación dentro do ámbito da educación para o desenvolvemento. Estas liñas gozaron en Galicia dun forte apoio social nos últimos anos; por ese motivo, desde a Xunta preténdese remarcar a súa importancia. As actuacións de comercio xusto e consumo responsable teñen un gran potencial transformador, xa que constitúen un método de sensibilización que persegue un cambio nas actitudes da cidadanía na súa vida cotiá.

#### **O.X. 13- Incrementar o apoio á investigación e formación no sector da cooperación.**

*O.E. 13.1.- Promover a transferencia de coñecemento cara aos países do sur.*

O desenvolvemento dun país vén determinado pola ampliación das súas capacidades. É moi conveniente, polo tanto, que a cooperación, ademais de promover o alivio das situacións de extrema necesidade, dedique unha parte do seu esforzo a mellorar a capacidade de xerar coñecemento especializado nos países do sur, usando unha

perspectiva de tecnoloxía para o desenvolvemento humano que non cree dependencias e xere un desenvolvemento real. Así pois, favorecerase a formación especializada e a adquisición de coñecementos por parte dos países empobrecidos a través de marcos de colaboración con centros de educación superior e de investigación dentro do ámbito galego. Na medida do posible estas accións deberían coordinarse co tecido produtivo para asegurar que os resultados dos proxectos son asimilados pola poboación.

*O.E. 13.2.- Fomentar a investigación e a formación nos ámbitos do desenvolvemento e a cooperación.*

Para lograr unha cooperación de maior calidade, é necesario fomentar a formación e a investigación especializada nos ámbitos do desenvolvemento e a cooperación. Diferentes axentes da cooperación galega poden ter unha achega de gran valor para mellorar a capacidade de impacto da axuda galega ao desenvolvemento, a través dun mellor coñecemento de aspectos como as dinámicas que subxacen nos procesos de desenvolvemento, ou as relacións norte-sur, entre outros. Isto require implicar centros especializados, mediante o establecemento de mecanismos específicos de financiamento adecuados a este tipo de actividades.

*O.E. 13.3.- Promover as complementariedades entre os centros de investigación nos ámbitos do desenvolvemento e a cooperación.*

Ademais de promover a investigación nos ámbitos do desenvolvemento e a cooperación, algo ao que alude o obxectivo 2.2, tamén cómpre fomentar a coordinación entre os diversos centros que se dediquen a estas cuestións. En concreto, cabe prestar especial atención á formación de redes estables compostas por centros de investigación ou educación superior, tanto do norte como do sur, que sexan capaces de articular unha política de investigación común nestas áreas, aproveitando ao máximo as complementariedades existentes. Formúlase este obxectivo, polo tanto, motivado pola oportunidade que supón a interconexión entre docentes, investigadores e unidades de xestión para dinamizar a colaboración de axentes de cooperación no norte como sobre todo para nutrir a capacidade de creación independente de coñecemento nos países do sur.



## 5. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN: PRIORIDADES XEOGRÁFICAS, TRANSVERSAIS E SECTORIAIS

Tras definir os ámbitos de actuación e os obxectivos que marca o plan director, estase en condicións de definir as prioridades ás que, de forma máis central, se orientarán os esforzos da cooperación galega, unhas prioridades que se deberán definir tanto na asignación xeográfica da axuda como na súa distribución sectorial.

### 5.1- Prioridades xeográficas

Un dos primeiros requisitos para lograr unha certa concentración da axuda e avanzar cara ao logro dunha maior eficacia na súa xestión é definir de forma relativamente selectiva aqueles países cara aos que se orientará en maior medida o esforzo do sistema galego de cooperación. Dando resposta a ese propósito, definíronse como prioritarios os seguintes países:

**África:** *Cabo Verde, Guinea Bissau e Mozambique* (3 países), así coma a *poboación saharauí*

**América do Sur:** *Bolivia, Ecuador e Perú* (3 países).

**Caribe:** *Haití e República Dominicana* (2 países).

**Centroamérica:** *Guatemala, O Salvador, Honduras e Nicaragua* (4 países).

No anexo 2 preséntase un cadro cos parámetros económicos e sociais dos países prioritarios.

O proceso de selección do que se deu conta baseouse nunha serie de criterios que convén facer explícitos.

- *En primeiro lugar, trátase de lograr unha maior concentración dos recursos da cooperación. Para iso, tratouse de reducir o número de países prioritarios dos 17 que definía o I Plan director (aos que habería que engadir os 3 preferentes e a poboación dos campamentos saharauís) aos 12 que agora se suxiren xunto cao poboación saharauí. De acordo coa relación ofrecida, son cinco os países que perderon a condición de prioritarios: nun caso, Angola, polas dificultades para levar a cabo accións de cooperación con potencial transformador; noutros casos, Cuba e Namibia, porque son países de renda media que presentan aceptables niveis de cobertura das necesidades da súa poboación e é baixo o nivel de presenza da cooperación galega; e, por último, noutros casos, Mauritania e Senegal, porque non se logrou asentar un programa sólido da cooperación galega neles. Os actores que actualmente están presentes nestes países poderán continuar o seu labor, dado que a priorización xeográfica non será un criterio excluínente, coa única excepción da convocatoria de programas de cooperación. Neste último caso, esixírase que os recursos se destinen ben a países prioritarios, ben a países PMA. No caso daqueles actores que*

decidan reducir ou anular a súa presenza nos países que deixaron de ser prioritarios, recibirán o apoio da Xunta para levar a cabo as estratexias de saída que non comprometan os logros acadados en materia de desenvolvemento.

- *En segundo lugar, prestar unha atención adecuada aos países menos adiantados.* Tres dos doce países da lista, Guinea Bissau, Haití e Mozambique pertencen ao grupo dos países menos adiantados. Ambos atópanse no grupo dos 20 países con menor índice de desenvolvemento humano, e máis do 30% da súa poboación sobrevivía en 2007 con menos de 1,25\$ ao día. Ao tempo, como se sinalou, permitírase o apoio a programas de cooperación dirixidos a PMA, aínda que non formen parte da lista de países prioritarios.
- *En terceiro lugar, propiciar un aproveitamento das vantaxes comparativas da cooperación galega.* Preténdese continuar traballando alí onde existen condicións favorables para que Galicia realice unha cooperación transformadora, ben sexa porque existen as bases para un maior entendemento entre as sociedades respectivas (é o caso dos países de América Latina e os pertencentes á área lusófona de África), ben sexa porque os países receptores demandan intervencións en ámbitos (agricultura, pesca e acuicultura, tecnoloxía de alimentos, fontes enerxéticas limpas ou desenvolvemento local) en que Galicia está especializada, ben sexa porque existe xa unha tradición de traballo previo en común.
- *En cuarto lugar, sentar as bases para a cooperación con outros doadores do sistema español de axuda.* Preténdese definir un marco de prioridades en que se poida traballar complementariamente con outras cooperación autónomas ou co sistema español de cooperación para o desenvolvemento. A coincidencia das prioridades galegas coas propias da cooperación española permitirá despreparar ese esforzo conxunto e coordinado en beneficio das sociedades receptoras.
- *En quinto lugar, propiciar o desenvolvemento de iniciativas de codesenvolvemento.* Trátase de aproveitar as oportunidades que ofrece traballar cos países dos que proveñen a maioría dos inmigrantes presentes en Galicia. Tal é o caso de Ecuador, Perú , Bolivia ou Cabo Verde.

Para interpretar axeitadamente a selección realizada, é necesario sinalar de novo que as prioridades xeográficas definen, en xeral, preferencias, non criterios excluínates. A delimitación dunha lista de países prioritarios constitúe o primeiro paso no avance cara a unha crecente focalización dos recursos, para facilitar operacións de maior entidade e capacidade de impacto. Iso non significa que non se poidan apoiar actividades de cooperación noutros países se as propostas son pertinentes e de calidade. En particular, dado o interese existente en promover a crecente integración das comunidades galegas no exterior nas actividades de promoción do desenvolvemento, promoverase o respaldo a aquelas iniciativas de calidade procedentes destas institucións, aínda cando o país afectado non figure entre os definidos como prioritarios. Igualmente, a Consellería do Mar poderá seguir realizando actuacións de cooperación directa naqueles países cos que hai tradición de cooperación ao desenvolvemento en materia pesqueira, aínda que non figuren na relación de prioritarios, como pode ser o caso de Namibia.

## **5.2- Prioridades transversais**

Enténdese por prioridades transversais aquelas que deben ser consideradas en toda intervención de desenvolvemento, calquera que sexa o ámbito sectorial en que se despreque. De acordo con

esta condición, establécense cinco prioridades transversais, catro delas coincidentes coas establecidas no I Plan director e unha adicional referida á *defensa da interculturalidade* (cadro 1).

<b>Cadro 1: Prioridades transversais da cooperación galega</b>
<ol style="list-style-type: none"><li>1. <i>A loita contra a pobreza.</i></li><li>2. <i>A equidade de xénero.</i></li><li>3. <i>A defensa da sustentabilidade ambiental.</i></li><li>4. <i>O respecto polos dereitos humanos.</i></li><li>5. <i>A defensa da interculturalidade.</i></li></ol>

#### *A loita contra a pobreza*

A erradicación da pobreza é o obxectivo máis central ao que deben tender os esforzos de desenvolvemento. Enténdese como pobreza aquela situación de aguda carencia que sofren as persoas en ámbitos moi diversos da vida e que afecta severamente as súas capacidades e oportunidades de realización. A pobreza comporta privacións non só nos recursos económicos, senón tamén noutros ámbitos relacionados coa saúde, a educación, a dignidade das persoas ou a capacidade que estas teñen para participaren nos procesos de decisión colectivos. Así o entenderon os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, que se propoñen a loita contra a pobreza integrando logros obrigados en moi diversas dimensións da vida das persoas.

En correspondencia co sinalado, o PNUD (Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento) define a pobreza como *“a denegación de opcións e oportunidades de vivir unha vida tolerable”*. Neste sentido, a pobreza supón unha negación dos dereitos das persoas, da súa dignidade e das súas oportunidades para faceren aquilo que valoran. A cooperación galega adopta esta visión e fai da loita contra a pobreza unha das súas prioridades transversais. Más alá dunha visión asistencialista, limitada ao alivio do sufrimento que a pobreza xera nas persoas, a cooperación galega pretende apoiar aquelas transformacións económicas e sociais que corríxan as causas da pobreza, afirmando o dereito ao desenvolvemento das persoas e dos pobos.

#### *A equidade de xénero*

Non se poden afirmar os dereitos das persoas se exclúe, marxina ou discrimina a metade da poboación por razóns do seu sexo. A desigualdade de xénero implica unha negación dos dereitos das persoas e constitúe, asemade, un severo obstáculo para o desenvolvemento. Así pois, a consecución dun desenvolvemento máis xusto e eficiente require a promoción da equidade de xénero, que debe estar presente como prioridade en todas as intervencións de desenvolvemento da cooperación galega, calquera que sexa o sector en que se produzan, con especial atención ao exercicio efectivo dos dereitos políticos e sociais das mulleres, incluídos os dereitos sexuais e reprodutivos, tal e como se recoñece nos diferentes instrumentos internacionais ratificados polo Reino de España. Para iso cómpre apoiar os procesos de empoderamento das mulleres, tanto nos países desenvolvidos como nos países en desenvolvemento. De novo, os Obxectivos de

Desenvolvemento do Milenio, aínda que non de forma plena, incorporan diversas dimensións obrigadas en relación co logro da equidade de xénero.

A perspectiva de xénero debe ser unha prioridade transversal que vaia máis alá dun trámite administrativo a cumprir na formulación dos proxectos, para converterse nunha exixencia que garanta a capacidade transformadora, neste ámbito das relacións entre homes e mulleres, de todas as intervencións de desenvolvemento. Iso comporta a obriga de considerar o impacto diferenciado que as intervencións poden ter sobre as mulleres e homes, así como nas relacións entre ambos.

Débese ter en conta, ademais, que as mulleres están a ter un papel protagonista no desenvolvemento das accións de solidariedade e cooperación internacional, non só nos países do sur, senón tamén en Galicia, onde a presenza das mulleres é maioritaria no traballo das organizacións sociais. Por iso, considerarase o fomento da participación das mulleres en todas as actividades, tamén nas tarefas directivas e de representación, propias da cooperación para o desenvolvemento.

#### *A defensa da sustentabilidade ambiental*

A defensa do medio ambiente é un requisito fundamental para calquera desenvolvemento que pretenda a súa perdurabilidade no tempo. É ademais unha forma de levar a efecto un principio básico de equidade interxeracional, ao facer que o desenvolvemento presente non hipoteque as posibilidades de desenvolvemento das xeracións sucesivas. Isto supón loitar contra o cambio climático e contra a degradación ambiental e promover a biodiversidade e a implantación de procesos produtivos que sexan respectuosos co medio ambiente e cos equilibrios biofísicos que sosteñen a vida no planeta. Así o entendeu tamén a Declaración do Milenio, que incorporou propósitos ambientais entre os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.

Por todo iso, o obxectivo da sustentabilidade ambiental estará presente en cantas intervencións promova a cooperación galega. Desde un punto de vista práctico, e sen prexuízo das accións destinadas especificamente á mellora do medio ambiente e o hábitat, isto comporta que todas as accións de cooperación teñan en conta o seu impacto na dimensión ambiental, para que a súa posta en práctica non supoña unha degradación dos ecosistemas, unha explotación incontrolada dos recursos ou un aumento dos niveis de contaminación, entre outros posibles efectos nocivos.

#### *Respecto polos dereitos humanos*

Os dereitos humanos non están recoñecidos de igual maneira nin se goza deles de modo efectivo nas diferentes partes do mundo. En tal sentido, a promoción e a protección dos dereitos humanos debe estar presente nos procesos de desenvolvemento que se promovan, xa que o obxectivo do desenvolvemento é conseguir unha ampliación efectiva dos dereitos das persoas. Desde esta perspectiva, a cooperación para o desenvolvemento debe avogar pola consecución dun marco ético global no cal a xustiza e os dereitos humanos, así como o respecto á diferenza cultural, sexan vistos como unha responsabilidade e unha obriga compartida.

Así o entendeu a Declaración do Milenio, que incorporou a necesidade de traballar polos dereitos humanos, así como pola democracia e o bo goberno. A Unión Europea tamén se fixo eco deste enfoque e desde 2001 sinala a defensa dos dereitos humanos como prioridade transversal da súa cooperación.



### *A defensa da interculturalidade*

A pluralidade de culturas é un factor de riqueza da humanidade. É difícil conseguir unha ampliación das capacidades e opcións das persoas se estas son discriminadas, excluídas ou perseguidas en función dos seus referentes de identidade, das súas cosmovisións ou das súas raíces culturais. Por isto é necesario promover o respecto ás diferentes culturas, garantindo que se poidan expresar e dar a coñecer, con respecto á dignidade e os dereitos das persoas.

Galicia é un pobo cunha cultura e identidade propia e a súa cooperación será especialmente sensible a que outros pobos do mundo en desenvolvemento poidan dar a coñecer en liberdade as súas respectivas raíces culturais. Por este motivo, as actuacións da cooperación galega integrarán transversalmente o concepto de respecto á diversidade cultural, tal e como o propón a UNESCO ou o PNUD. Por conseguinte, prevé a necesidade de considerar as realidades culturais dos lugares onde opera, integrando eses diagnósticos na identificación, deseño e formulación das súas actuacións, así como o seguimento e a avaliación dos proxectos. Deberanse completar as accións transversais co empoderamento dos pobos indíxenas ou dos afrodescendentes, fomentando a súa participación nos procesos de desenvolvemento.

### **5.3- Prioridades sectoriais**

Este plan director mantén as prioridades sectoriais que no seu día definira o plan director anterior. Enténdese que deste xeito, dando continuidade aos ámbitos de actuación, se facilitará en maior medida a consolidación no medio prazo das formas de proceder e dos contidos especializados da cooperación galega. Non obstante, modificouse a denominación de tres das prioridades, para outorgar unha expresión máis exacta ao ámbito de traballo ao que aluden. Pola súa vez, fórmulase unha orientación para a distribución de recursos que non altera no substancial a planificación establecida no I Plan director (cadro 2). A novidade radica, máis ben, no establecemento dunha ponderación actualizada das diferentes prioridades, para tratar de corrixir o peso relativo dos sectores cunha planificación máis realista, que teña en conta tanto a distribución sectorial real durante o período 2006-2009 como o equilibrio que se pretende establecer entre os diferentes sectores.

**Cadro 2: división sectorial da AOD galega**

Sector	Porcentaxe obxectivo Plan director 2006-2009	Porcentaxe sobre a AOD desembolsada 2006-2009	Porcentaxe proposta 2010-2013
Cobertura de necesidades sociais básicas	27,00	39,23	30
Infraestrutura e promoción do tecido económico	25,00	24,08	25
Participación social, desenvolvemento institucional, bo goberno e construción da paz	14,00	12,47	14
Acción humanitaria	8,00	6,59	8
Educación para o desenvolvemento	4,50	5,56	8
Investimento no ser humano	11,00	5,48	6
Xestión ambiental sustentable e hábitat	7,00	2,34	4
Consolidación e fortalecemento de axentes	1,50	3,95	4
Sectores CAD non adscritos aos sectores anteriores	2,00	0,30	1
<b>TOTAL</b>	<b>100,00</b>	<b>100,00</b>	<b>100,00</b>

Con estes condicionantes, propónse que o sector de *Cobertura de necesidades sociais básicas* sexa o que máis atención reciba, canalizando un 30% dos fondos. Desta forma, mantense o cumprimento do consenso internacional acadado acerca da necesidade de lle dedicar a este sector un mínimo do 20% dos fondos. Ao tempo, inténtase darlle continuidade ao esforzo que neste campo se fixo durante o período 2006-2009.

O segundo sector en importancia é *Infraestrutura e promoción do tecido económico*, ao que se lle asigna un 25% dos fondos, que non altera a porcentaxe de axuda que recibiu no período 2006-2009. En función do volume de fondos, as prioridades restantes son *Participación social, desenvolvemento institucional e bo goberno* (14%), *Acción humanitaria* (8%), *Educación para o desenvolvemento* (8%), *Investimento no ser humano* (6%), *Xestión ambiental sustentable e hábitat* (4%), e por último *Consolidación e fortalecemento de axentes de cooperación* (4%). Respecto ao pasado, isto supón reforzar os compoñentes de *Educación para o desenvolvemento* e de *Xestión ambiental sustentable e hábitat*.

#### *Cobertura de necesidades sociais básicas*

As necesidades sociais básicas recóllense como servizos sociais básicos no punto de prioridades sectoriais da Lei 3/2003 de cooperación para o desenvolvemento, e correspóndense con algúns dos dereitos humanos recollidos no Pacto Internacional para os Dereitos Económicos, Sociais e Culturais ratificado por España, que ten por finalidade garantir as condicións obxectivas de vida para a sociedade. Este propósito está en liña co definido nos Obxectivos de Desenvolvemento do Cumio do Milenio e no Programa de Acción do Cumio sobre Desenvolvemento Social de Copenhague.

Necesidades sociais básicas é unha categoría que agrupa diferentes ámbitos de actuación máis específicos (cadro 3).

#### **Cadro 3 : Ámbitos de actuación dentro das necesidades sociais básicas**

1. *Saúde básica.*
2. *Educación básica.*
3. *Seguridade alimentaria.*
4. *Subministración de auga e saneamento.*
5. *Habitabilidade.*

A *saúde* é un dereito fundamental do ser humano. A Organización Mundial da Saúde defínea como “*completo estado de benestar físico, psicolóxico e social*”. É recoñecida como dereito fundamental no artigo 25 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Adicionalmente, a saúde é unha condición necesaria para alcanzar o goce efectivo do resto dos dereitos e acadar un desenvolvemento harmonioso e duradeiro que lles permita a mulleres e homes realizar os seus obxectivos. Dentro do amplo abano de actuación neste eido, é especialmente relevante o acceso á atención primaria como elemento clave na loita contra a pobreza e redución da morbilidade e mortalidade, con especial atención aos colectivos máis vulnerables e excluídos, nos que o acceso á

atención sanitaria básica ten un elevado potencial para mellorar as condicións de vida. Prestaráselle especial atención á mellora da saúde sexual e reprodutiva e á loita contra as enfermidades prevalentes (VIH/SIDA, malaria e tuberculose) e esquecidas (enfermidade de Chagas e dengue, entre outras). A inclusión de programas de acceso a medicamentos esenciais e xenéricos será un elemento decisivo á hora de valorar as estratexias de saúde que opten ao financiamento da Xunta.

A *educación básica* é un dereito fundamental recollido na Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Ademais dun fin en si mesmo de todo proceso de desenvolvemento, é un instrumento clave de loita contra a pobreza e a non discriminación. A educación primaria, como se destaca na Declaración dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM 2 e ODM 3, meta 4), é un obxectivo pendente para os países en desenvolvemento, en especial na África subsahariana, onde aínda o 26% da poboación en idade de escolarización primaria non recibe educación. Apoiaranse as propostas que colaboren ao avance na taxa de escolarización básica e na mellora da oferta formativa pública dos países. Dado que a poboación sen escolarizar está formada maioritariamente por nenas, promoveranse especialmente as iniciativas que colaboren á diminución desta brecha de xénero.

A *seguridade alimentaria* conta con numerosos referentes normativos, como por exemplo a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948), o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais (1966) ou a Declaración do Milenio (2000), entre outros. En 2008, a fame afectou 923 millóns de persoas en todo o mundo, das cales 187 millóns son nenos e nenas menores de cinco anos. O desenvolvemento dalgunhas destas comunidades vese comprometido de forma decisiva pola súa incapacidade de acceder aos medios necesarios para garantir de forma sustentable a produción, distribución e consumo de alimentos en calidade e cantidade suficientes. A crise alimentaria global permitiu visibilizar a situación de inseguridade alimentaria á que millóns de persoas no mundo estiveron expostas durante anos. Apoiaranse as iniciativas que colaboren a incrementar a seguridade alimentaria das poboacións do sur de acordo coas estratexias sustentables que se baseen en capacidades propias.

O *traballo elemental de subministración de auga e saneamento* formúlase como un ámbito prioritario no marco dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio. En efecto, a Meta 10 (reducir á metade en 2015 a proporción de persoas sen acceso á auga potable e saneamento básico) está moi lonxe de se cumprir a escala mundial. Hai na actualidade 884 millóns de persoas que carecen de acceso a fontes seguras de auga para beber, e 1.400 millóns de persoas que carecen de acceso a servizos de saneamento básico. O ECOSOC recoñece, na súa Observación Nº15, o dereito humano á auga como “o dereito de todos a dispor de auga suficiente, salubre, aceptable, accesible e alcanzable para o uso persoal e doméstico”. Un abastecemento adecuado de auga é fundamental para reducir o risco de enfermidades e para garantir o dereito á alimentación e á saúde. A falta de acceso a un saneamento axeitado constitúe a primeira causa de contaminación da auga e do contaxio de enfermidades relacionadas con ela. De tal forma, garantir o acceso de todas as persoas a servizos adecuados de saneamento é un obxectivo relevante con efectos positivos na saúde da poboación, e tamén da xestión axeitada dos recursos hídricos.

As actuacións para *mellorar as condicións de habitabilidade* poden contemplar o ámbito da auga, do saneamento, da durabilidade do espazo habitable e tamén que ese espazo sexa suficiente. Son estas catro variables as que se consideran relevantes á hora de estimar que unha vivenda é

adecuada. En 2005 o 36% da poboación urbana dos países en desenvolvemento (62% na África subsahariana) carecían dunha ou varias destas condicións.

Son moi relevantes, por último, os *programas integrados en materia de necesidades básicas*, onde se traballan simultaneamente diferentes liñas, como auga e saneamento, nutrición e saúde ou seguridade alimentaria e saúde. Lograr un impacto sostido na mellora das condicións de vida dos habitantes do sur supón, en moitas ocasións, a necesidade de contemplar a realidade destas persoas desde un punto de vista integral, xa que os condicionantes que determinan a súa situación de pobreza son múltiples e están interrelacionados. En consonancia coa intención de promover accións en marcos temporais máis longos, como son os programas, o apoio a actuacións integradas na área de necesidades básicas, pretende contribuír a unha mellora sólida das opcións de desenvolvemento destas poboacións.

#### *Infraestrutura e promoción do tecido económico*

A Lei 3/2003 de cooperación para o desenvolvemento destaca a importancia de mellorar as infraestruturas económicas e de fortalecer o tecido produtivo dos países en desenvolvemento, co obxecto de promover un crecemento económico de ampla base social. Esta liña de actuación entronca co Consenso de Monterrey, recentemente renovado en Doha, que sinala a importancia de sentar as bases económicas para un desenvolvemento sustentable, insistindo no papel que os actores privados teñen na promoción de actividades xeradoras de renda e dun emprego digno.

Dentro desta prioridade sectorial preténdese fomentar o tecido produtivo dos países do sur de forma que mobilicen dunha forma máis plena e eficaz os seus propios recursos e capacidades. En consonancia co que apunta a Lei 3/2003 de cooperación para o desenvolvemento, estas actuacións levaranse a cabo naqueles sectores en que Galicia é capaz de ofrecer unha experiencia e un coñecemento específicos.

O primeiro exemplo constitúeo o sector pesqueiro e acuícola, no que Galicia conta cunha longa e recoñecida experiencia. A Consellería do Mar mantén unha sólida aposta por unha política de cooperación internacional neste ámbito. Apoiaranse desde a cooperación para o desenvolvemento aquelas iniciativas que neste eido se orientan a capacitar os países para un mellor aproveitamento e xestión integral sustentable dos seus recursos pesqueiros e acuícolas. Igualmente, apoiaranse aqueles proxectos sectoriais que integren aspectos complementarios agrícolas e de pesca e acuicultura conxuntamente.

Promoveranse tamén as iniciativas de cooperación no ámbito do sector agroindustrial que fomenten un modelo de desenvolvemento rural sustentable. Tamén se apoiarán as empresas de economía social e de tipo cooperativo que ofrecen unha oportunidade para a sociedade galega de achegar a súa longa tradición neste ámbito, á vez que contribúen a articular un tecido produtivo baseado en capacidades propias dos países e das comunidades.

O sector do comercio xusto recibirá tamén unha especial atención, acorde de novo coa potencialidade que ten para xerar opcións de desenvolvemento produtivo nas comunidades do sur, mediante o establecemento de lazos entre estas e a cidadanía do norte. Pola súa forte implantación na sociedade galega, o comercio xusto constitúese nun vehículo relevante a través do cal se pode realizar unha importante tarefa no ámbito da educación para o desenvolvemento.

Por último, prestarase apoio a todas as actividades relacionadas coas infraestruturas que contribúan a mellorar as condicións para o emprendemento nos países e comunidades onde opera.

Apoiaranse en especial as iniciativas públicas que incrementen o acceso a redes e tecnoloxías de comunicación e información para poboacións cunha alta densidade de poboación desfavorecida. Tamén se terá en conta a achega que Galicia pode facer no ámbito dos sistemas de localización xeográfica, cunha potencialidade na mellora das capacidades das administracións locais e rexionais con competencias na ordenación do territorio.

#### *Participación social, desenvolvemento institucional, bo goberno e construción da paz*

Esta prioridade sectorial, remarcada explicitamente na Lei 3/2003 de cooperación para o desenvolvemento, alude aos alicerces sobre os que se asenta o Estado democrático. O Estado é suxeito de obriga e garante dos dereitos humanos, así como responsable de promover e garantir a participación social da cidadanía, que o dota de lexitimidade.

As actuacións neste ámbito dan continuidade ao formulado polo I Plan director. Apoiarase, en primeiro lugar, o indispensable fortalecemento das estruturas democráticas, especialmente nos ámbitos rexionais e locais, para o seu bo funcionamento baixo os principios de liberdade, igualdade e xustiza.

Promoveranse as actividades que favorezan os procesos de recoñecemento e exercicio dos dereitos das persoas, así como a promoción da súa participación activa nos diferentes ámbitos sociais e políticos. Prestaráselles especial atención a aquelas actividades que se centren no empoderamento das mulleres, como suxeitos activos do desenvolvemento e da cooperación, así como no fortalecemento da sociedade civil para a súa máis dinámica presenza nos procesos de decisión colectiva.

Galicia ten unha experiencia valiosa que ofrecer nos procesos de fortalecemento dos niveis administrativos descentralizados nos países en desenvolvemento. Desta forma, promoverase a implicación da Xunta de Galicia e doutros actores representativos neste ámbito, especialmente o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, como representante dos concellos galegos en materia de cooperación.

No marco do fortalecemento institucional e o bo goberno, apoiaranse as iniciativas públicas que supoñan políticas inclusivas de loita contra as desigualdades e a favor da cohesión social. Pártese da base de que esas políticas, ademais de contribuíren a mellorar as condicións de vida dos colectivos máis vulnerables, inciden tamén nun incremento da lexitimidade ante os seus cidadáns das administracións que as levan a cabo.

Por último, considérase a construción da paz como un pilar fundamental do desenvolvemento, entendéndoa como a prevención de conflitos violentos e a xestión das crises, resolución de conflitos e a consolidación da paz.

#### *Investimento no ser humano*

Agrúpanse baixo esta categoría distintos ámbitos de actuación recollidos na Lei 3/2003 de cooperación, como son o acceso á educación secundaria de calidade, a cooperación interuniversitaria, o desenvolvemento científico e tecnolóxico, así como o respecto e a promoción da identidade cultural dos pobos. En suma, as dimensións aquí contidas inciden na ampliación de capacidades das persoas para incrementar as opcións reais que teñen estas de desenvolver todas as súas potencialidades. De novo recálcase a importancia de pór especial atención no acceso a este incremento de capacidades das mulleres e colectivos minoritarios e/ou vulnerables.

A cooperación galega pretende actuar en tres ámbitos. En primeiro lugar, potenciando os seus sistemas educativos, a través da mellora da súa cobertura e calidade. A experiencia da Xunta na xestión das competencias educativas pode ser de interese para os países en que se opera. Neste campo tamén cómpre ter en conta ámbitos formativos ata agora limitadamente cubertos polos Estados dos países en desenvolvemento, como o nivel prebásico ou a prestación de servizos de educación especial á poboación con problemas de acceso á escola.

En segundo lugar, considérase importante favorecer a actividade da formación postobrigatoria e apoiar o fortalecemento das universidades, para a formación de profesionais e o intercambio de experiencias tanto na xestión como na formación.

Por último, considérase importante tamén favorecer a transferencia de coñecemento cara aos países do sur e incrementar o apoio á investigación en todos aqueles campos en que Galicia dispón de capacidades.

#### *Xestión ambiental sustentable e hábitat*

Existen riscos para a sustentabilidade dos procesos de desenvolvemento asociados ao medio ambiente. A cooperación galega pretende colaborar en mitígalos, centrándose en dúas dimensións específicas: a xestión da sustentabilidade e a prevención fronte a catástrofes.

Por unha banda, os ecosistemas proporcionan recursos que supoñen unha contribución imprescindible para o desenvolvemento humano. Pero asemade son vulnerables, xa que a súa capacidade de rexeneración pódese ver comprometida pola presión que sofren como consecuencia da actividade humana. Nestes casos pódense afectar os equilibrios biolóxicos básicos e danar a biodiversidade. Existe, xa que logo, un risco de degradación do medio ambiente que supón, entre outras consecuencias, pór en perigo a fonte básica provedora de recursos para o ser humano. A cooperación galega pretende axudar a eludir estes riscos a través de programas orientados á xestión sustentable dos recursos.

Dous son os ámbitos en que fundamentalmente se traballará. Por unha parte, a atención centrarase na xestión adecuada dos recursos forestais e na restauración de áreas degradadas, e, por outra, nas iniciativas que permitan satisfacer as necesidades enerxéticas mediante sistemas sustentables de produción de enerxía a partir de fontes renovables e limpas. A sustentabilidade dos mecanismos incide na necesidade de que as iniciativas sexan viables a medio prazo, e non dependentes de achegas externas á comunidade.

Por outra parte, existe tamén un risco para a supervivencia e os medios de subsistencia das poboacións, que está asociado neste caso á alteración do contorno en que viven debido a fenómenos non causados directamente polo ser humano. O previsible aumento na variabilidade climática e meteorolóxica incrementa se cabe a intensidade da ameaza neste sentido. As poboacións con máis necesidades en termos de desenvolvemento son tamén as máis expostas e con menos capacidades de adaptación fronte a fenómenos potencialmente catastróficos que poden comprometer seriamente a súa supervivencia e a dos seus modos de vida.

Neste ámbito, para previr os efectos potencialmente catastróficos que poidan provocar fenómenos atmosféricos destrutivos, secas, terremotos e inundacións, entre outros, non cabe actuar, desde a cooperación galega, directamente contra a ameaza, pero si contra o outro elemento decisivo que determina a situación de risco da poboación: a súa vulnerabilidade. Non hai que esquecer que a pobreza, e a escaseza de opcións que implica para as persoas que a padecen, é un factor que

predispón a sufrir as consecuencias máis graves por este tipo de fenómenos porque as estratexias de subsistencia da poboación, así como a situación e condición dos seus asentamentos, son tales que se incrementan os riscos. Reducir a vulnerabilidade implica, polo tanto, fomentar procesos que doten as persoas de maiores posibilidades de se sobreporen a estes fenómenos, desde o punto de vista dos seus medios de vida, habitabilidade e organización da poboación, entre outros.

Por último, este punto entroncaría con outras áreas prioritarias, tales como a educación para o desenvolvemento, o saneamento e a xestión sustentable da auga, o apoio á investigación e o intercambio e transferencia de tecnoloxía, o fortalecemento institucional e outras, orientadas ao obxectivo de acadar un desenvolvemento sustentable.

### *Acción humanitaria*

A acción humanitaria ten como obxectivo a protección de vidas, prevención e alivio do sufrimento humano, atención ás necesidades básicas e inmediatas e a promoción do restablecemento dos dereitos das poboacións afectadas por crises causadas polo ser humano ou por causas naturais, nunha perspectiva de redución da vulnerabilidade e fortalecemento de capacidades de homes e mulleres. Acorde con esta visión, a acción humanitaria é multidimensional e inclúe diferentes aspectos e fases: prevención, asistencia e protección ás vítimas, rehabilitación e reconstrución, xunto con sensibilización e incidencia a favor das vítimas da crise, xa sexan provocadas por catástrofes naturais ou de orixe humana.

A AH integra a axuda de emerxencia, consistente en proporcionar auxilio con carácter de urxencia para garantir a supervivencia inmediata das vítimas de desastres naturais ou conflitos armados. Pero a AH vai máis alá, incluíndo accións dirixidas a poboacións de refuxiados ou desprazados, mediante as que, ademais de garantir a supervivencia, se intentan sentar as bases para a rehabilitación e o desenvolvemento futuros, así como a preparación ante posibles desastres. A AH engade a todo o anterior dimensións adicionais, sobre todo en ámbitos de conflito, como son a protección das vítimas e dos seus dereitos fundamentais a través do acompañamento, o testemuño, a denuncia, a incidencia e a presión política, en especial das mulleres.

As accións de AH non se deben orientar coas mesmas directrices que rexen as accións de desenvolvemento, xa que unhas e outras se implantan en contextos diferentes e perseguen, pola súa vez, fins distintos. A aspiración da AH é colaborar na superación dunha situación crítica de forma que se garanta a supervivencia e protección das vítimas e se contribúa a frear a descomposición do tecido económico e social na poboación afectada, para poder dar paso, no menor tempo posible, ás políticas de desenvolvemento. Por este motivo a AH observará os principios e valores humanitarios acordados internacionalmente, e cuxo marco normativo é o dereito internacional humanitario. Estes principios son:

- Humanidade: aliviar e previr o sufrimento humano para salvagardar vidas e restablecer a dignidade humana.
- Imparcialidade: atender as vítimas unicamente en función das súas necesidades, sen ter en conta a súa orixe, etnia ou relixión.
- Neutralidade: en contextos de conflitos armados, non tomar parte por ningunha das partes contendentes.

- Independencia: manter a autonomía dos obxectivos humanitarios con respecto a consideracións políticas, económicas ou militares.

Serán preferentes as actuacións de AH dirixidas a poboacións afectadas por conflitos actuais, en especial as que teñen como destino aos Territorios Palestinos, ademais das dirixidas a poboacións afectadas polos conflitos esquecidos e menos mediáticos e á loita contra as enfermidades esquecidas

### *Educación para o desenvolvemento*

A lei 3/2003 de cooperación para o desenvolvemento establece como liña de actuación a educación para o desenvolvemento (ED), por ser unha dimensión de actuación imprescindible en todo esforzo de cooperación realizado desde as sociedades dos países do norte.

Os esforzos neste ámbito encamiñanse cara á construción dunha cidadanía comprometida de forma continuada coa erradicación da pobreza, co desenvolvemento humano sustentable e coa igualdade de xénero. Para iso, debe existir un proceso educativo, sensibilizador e formativo, que lle permita á sociedade ser consciente das diversas realidades coexistentes no mundo, e implicarse nos procesos de desenvolvemento dos países menos favorecidos e na súa loita contra as causas da pobreza.

Esta formulación trata tamén de facilitar unha opinión informada e crítica do modelo de globalización que permita reafirmar o vínculo entre o desenvolvemento, a xustiza e a equidade.

As catro dimensións a través das que se desenvolverá a ED están recollidas na Lei 3/2003 de cooperación para o desenvolvemento e detállanse deseguido:

- *Sensibilización*  
Este punto fai referencia á concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza. A concienciación baséase na transmisión de información, que permita coñecer as causas da pobreza, a súa relación coas vulneracións dos dereitos e as estruturas que a perpetúan, co fin de espertar consciencias críticas e fomentar prácticas solidarias.
- *Formación sobre o desenvolvemento*  
Este ámbito inclúe a difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países subdesenvolvidos e da cooperación para o desenvolvemento. É un proceso educativo dirixido cara a un público obxectivo, cara ao que se orientan metodoloxías educativas específicas.
- *Investigación sobre o desenvolvemento*  
Este punto refírese ao fomento da investigación sobre as causas do subdesenvolvemento co fin de fortalecer e abrir novas vías de cooperación. É a pedra angular nun modelo de educación con vontade transformadora.
- *Mobilización social*  
Inclúese neste concepto a potenciación dos axentes de cooperación para o desenvolvemento de Galicia, co fin de crear unha rede de solidariedade na nosa sociedade.



A participación activa da cidadanía posibilita o seu protagonismo directo na loita contra a pobreza e a promoción do desenvolvemento humano.

Son múltiples os actores que traballan neste ámbito, destacando especialmente as ONGD, os centros formativos, en xeral, e as universidades, en particular. A ED débese promover mediante a participación, coordinación e complementariedade dos actores nos distintos espazos: formais, non formais e informais.

O voluntariado ten unha relevancia indubidable no tecido de calquera sistema de cooperación. Por iso, esta figura débese fomentar tamén desde a cooperación galega, promovendo a implicación voluntaria da cidadanía nas diversas tarefas de cooperación para o desenvolvemento, desde criterios de responsabilidade por parte das institucións que os acollen. Adicionalmente, cómpre encadrar o voluntariado nunha estratexia de ED e educación para a cidadanía global que incida especialmente na formación das persoas voluntarias en valores de solidariedade, xustiza e pensamento crítico tomando o voluntariado como un fin nas estratexias de ED, e considerándoo como un verdadeiro proceso educativo para a sociedade.

No ámbito da educación formal, promoverase que a Xunta, e concretamente a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, estude a posibilidade de incorporar no deseño dos currículos educativos oficiais e dos materiais docentes as achegas que poidan provir do tecido da cooperación en materia de ED, particularmente no marco da materia Educación para a Cidadanía.

O colectivo dos empregados públicos supón un importante ámbito de actuación para a ED. Ademais de actividades de sensibilización respecto á realidade dos países do sur, pódese promover a súa participación nas estratexias institucionais de compra pública, ética e consumo responsable que, de ser o caso, se poñan en práctica, e tamén se pode facilitar a participación activa do dito colectivo en proxectos de cooperación xestionados pola Xunta nos cales a experiencia nunha determinada área de especialización poida supor unha contribución de alto valor engadido para a realización dese proxecto durante un determinado período de tempo.

Na promoción da formación nos ámbitos técnicos da cooperación para o desenvolvemento pode ter un papel relevante a Escola Galega de Administración Pública (EGAP), que pode servir como centro aglutinador das actividades formativas e de sensibilización en cooperación que poida organizar a Xunta.

É relevante tamén que se cree unha política institucional de comunicación respecto á cooperación ao desenvolvemento. Os medios de comunicación teñen unha gran capacidade de xeración e difusión de contidos informativos e analíticos entre a cidadanía. Por iso, unha estratexia con vocación transformadora de educación para o desenvolvemento debe considerar este ámbito para as actividades de sensibilización e formación. Concretamente, desde a Xunta promoverase que a radiotelevisión pública galega sexa un vehículo transmisor dos valores e actitudes que sustentan a política de cooperación, así como das actividades en que esa política se concreta.

Por outra parte, e atendendo a outra canle de comunicación de grande alcance, promoveranse igualmente iniciativas para ampliar a funcionalidade da páxina web da cooperación galega, incorporando contidos que favorezan o seu papel como transmisor da información referente á cooperación ao conxunto da cidadanía.

Por último, promoverase a implicación dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia nas actividades de Educación para o Desenvolvemento, baixo a coordinación da Comisión

Interdepartamental de Cooperación para o Desenvolvemento. Esta implicación poderíase articular nas diferentes actividades de sensibilización, centradas na difusión da realidade dos países do Sur, así como nos consensos da comunidade internacional en materia de promoción do desenvolvemento.

#### *Consolidación e fortalecemento dos axentes de cooperación*

Para promover unha maior conciencia solidaria na cidadanía, así como a súa activa implicación nos procesos de cooperación para o desenvolvemento, o Goberno galego favorecerá a consolidación dos distintos axentes de cooperación, incrementando as súas capacidades para poder efectuar unha contribución efectiva á promoción do desenvolvemento.

A mellora das capacidades é un requisito para que os axentes galegos poidan xestionar todas as fases do ciclo de proxecto, tales como: identificación, deseño, xestión, seguimento e avaliación. Para iso, en primeiro lugar, fortalecerase tanto as ONGD, como actores destacados da cooperación galega, como a Coordinadora Galega de ONGD, en calidade de representante dunha gran maioría do sector que facilita a coordinación entre os distintos actores e a articulación de iniciativas conxuntas. En segundo lugar, atenderase á formación e ampliación de capacidades en materia de cooperación para o desenvolvemento do resto de axentes da cooperación galega. Perséguese con iso, por unha parte, unha participación máis efectiva daqueles actores que xa están implicados na cooperación e, por outra, a incorporación de actores potenciais que, grazas a estas actividades formativas e de capacitación, se poden converter en axentes activos para a promoción do desenvolvemento. Fortalecerase o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, xa que é un interlocutor recoñecido que aglutina os esforzos dos axentes da cooperación local. O seu fortalecemento permite que o esforzo de cooperación dos municipios e provincias galegos se canalice de tal forma que haxa un aliñamento coa política de cooperación que se promove desde a Xunta, xerándose unha maior capacidade de impacto grazas a esta coordinación de esforzos.

Finalmente, para complementar de forma efectiva os esforzos de consolidación dos distintos actores, correspóndelle á Xunta fortalecer e apoiar aquelas instancias de coordinación que aqueles xeren. Así, en primeiro lugar, reforzarase o papel do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE), como foro de participación e debate do conxunto dos actores do sistema galego de cooperación. O consello pode ter un papel crucial nas tarefas de estudo e seguimento das iniciativas de cooperación, para velar pola súa calidade e eficacia. En segundo lugar, fomentarase a coordinación entre os diferentes departamentos da Xunta activos no eido da cooperación. Utilizaranse para iso tanto instancias formais, como a Comisión Interdepartamental, como grupos de traballo informais, cando o caso o requira. Por último, promoverase a coordinación de actores mediante a creación de espazos específicos de encontro, por exemplo, dedicados a sectores específicos de actuación, como poden ser a pesca, a acuicultura, o comercio xusto, a equidade de xénero ou AH.

## 6. MEDIOS DE ACTUACIÓN DA COOPERACIÓN GALEGA

A cooperación galega dispón dun amplo repertorio de instrumentos para canalizar os fondos destinados á axuda internacional. A Xunta de Galicia é o principal responsable desta política, ben como axente que leva a cabo directamente accións de cooperación, ben como distribuidor dunha parte dos fondos entre outros actores. Non obstante, o alcance da política de cooperación transcende a Xunta e implica o conxunto da cidadanía. Así pois, o resto de axentes, utilizando os diferentes medios de actuación aquí descritos e os seus propios recursos e capacidades, constitúen actores clave para levar á práctica unha parte importante das actividades de promoción do desenvolvemento.

A cooperación galega ten como un dos seus desafíos, para o período 2010-2013, a mellora na funcionalidade dos instrumentos de canalización da axuda. Preténdese mellorar tanto a focalización como o deseño dos instrumentos, para que a súa utilización colabore en maior medida na consecución dos obxectivos da cooperación expresados neste plan director. En boa medida, os propósitos de mellora aquí plasmados fundaméntanse na reflexión efectuada a partir da experiencia do período de vixencia do anterior Plan director 2006-2009.

Este capítulo estrutúrase a partir dunha distinción básica entre os diferentes instrumentos. Por unha parte, a epígrafe 6.1 dedícase a aqueles resortes instrumentais que canalizan os fondos mediante unha convocatoria pública da Xunta dirixida aos diferentes axentes da cooperación. A continuación, a epígrafe 6.2 considera o resto de instrumentos, como son a cooperación directa, os convenios, os plans operativos, as bolsas de formación e a canalización de fondos destinados a acción humanitaria.

### **6.1- Instrumentos de canalización de fondos mediante convocatoria pública**

O conxunto das diferentes convocatorias públicas de axudas para actividades de cooperación continuará sendo a forma de canalización de fondos máis importante da cooperación galega. Durante o período de vixencia do I Plan director, foron significativos os avances producidos na axilización dos procesos de valoración de propostas e a publicación de resolución de subvencións. Non obstante, caben avances adicionais, en aspectos como a adecuación dos formularios de solicitude, a mellora dos criterios de valoración de propostas ou a racionalización dos requisitos orzamentarios.

A continuación, expóñense algunhas orientacións que se terán en conta no deseño das convocatorias de subvencións. Posteriormente, detallarase a información referente a cada unha das convocatorias específicas, tratando de clarificar tanto o seu propósito como os aspectos máis característicos que deberán definir o seu funcionamento.

### 6.1.1- Principios xerais para as convocatorias de axudas

- En primeiro lugar, *todas as convocatorias deberán atender ás prioridades xeográficas e sectoriais* que reflicte o II Plan director 2010-2013, sendo este un dos criterios que se terá en conta na valoración das propostas. En canto ás accións de cooperación no exterior, o aliñamento coas ditas prioridades só será un criterio excluínte no caso dos programas, que deberán necesariamente ir enfocados cara a países prioritarios ou PMA, e centrarse nalgunha das prioridades sectoriais. Para proxectos, existirá a posibilidade de lograr subvención con propostas de calidade elaboradas e avaladas por unha traxectoria sólida da organización que as propón no país e no sector de actuación, aínda que excepcionalmente non se axusten ás prioridades establecidas polo II Plan director.
- En segundo lugar, *a importancia das liñas transversais deberase reflectir no formulario das convocatorias*, con especial atención ao enfoque de xénero. A valoración das propostas levarase a cabo tendo en conta en que medida se tomaron en consideración para o seu deseño o conxunto de prioridades transversais definidas polo II Plan director. Adicionalmente, dada a especial relevancia que a cooperación galega lle quere outorgar á equidade de xénero, as propostas que opten á subvención deberán incluír, como requisito imprescindible, unha descrición detallada das diferentes necesidades de homes e mulleres na realidade sobre a que se quere traballar. Polo tanto, considérase que a atención axeitada á dimensión de xénero é, ademais dun elemento obxecto de valoración como o son o resto de dimensións transversais, requisito indispensable para todas as propostas presentadas.
- En terceiro lugar, *melloraranse os procedementos de xestión das subvencións concedidas*, tratando de que a indispensable exixencia de rendición de contas e transparencia no gasto non supoña un problema práctico para que os actores leven a cabo con normalidade as actividades cuxo financiamento foi aprobado. Neste sentido, a Xunta promoverá un aproveitamento máximo das opcións que ofrece a Lei galega de subvencións, Lei 9/2007, do 17 de xuño, para facilitar e axilizar os procesos administrativos en relación coa xestión das subvencións concedidas.
- En cuarto lugar, *crearanse as condicións para promover complementariedades entre actores de forma máis efectiva*, nun dobre sentido. Por unha parte, manteranse, ou de ser o caso incrementaranse, os incentivos para favorecer a presentación de propostas conxuntas. Por outra parte, na fase de valoración das propostas, favoreceranse aquelas que estean de acordo co espírito que sustenta a promoción de accións conxuntas. Neste sentido, o II Plan director continúa coa aposta do anterior plan director, promovendo marcos de actuación compartidos entre dous ou máis actores da cooperación, fomentando a coordinación de esforzos de forma que cada actor teña un papel relevante na acción conxunta formulada e achegue un valor agregado específico nunha área concreta de especialización ou nunha fase determinada da actividade planificada.
- En quinto lugar, *racionalizaranse os requisitos orzamentarios en materia de recursos humanos*, para que as propostas centradas en actividades de capacitación ou transmisión de coñecemento se poidan elaborar de forma realista desde o punto de vista orzamentario. Dentro duns límites suficientemente amplos, polo tanto, estudarase a pertinencia dos orzamentos presentados no referente aos recursos humanos respecto ás actividades planificadas en cada caso, e non en relación con valores máximos preestablecidos.

- En sexto lugar, *favorecerase a especialización dos actores da cooperación*, coa finalidade de promover que cada un realice a súa contribución á promoción do desenvolvemento naquelas áreas en que as súas capacidades o converten no axente idóneo. Daquela, ademais da experiencia previa e a capacidade xeral dos actores, que seguirán sendo ámbitos de atención na valoración das propostas, será un requisito imprescindible que esas propostas se axusten ás prioridades que para cada un dos actores se definan na convocatoria, tomando como punto de referencia o disposto neste plan director.
- En sétimo lugar, o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento deberá cumprir o papel para o que foi creado polo Decreto 326/2004. Neste sentido, e como sucedeu ata agora, a inscrición no dito rexistro por parte de determinadas entidades será un requisito para poder acceder a axudas. Pola súa parte, a Xunta pretende actualizar a información que o rexistro contén, co fin de que constitúa unha fonte de información fiable respecto aos diferentes actores que nel aparecen inscritos.

#### *6.1.2- Convocatoria de axudas para proxectos de ONGD no exterior.*

Esta modalidade de actuación ten como obxectivo apoiar as iniciativas de promoción da solidariedade orientadas á superación da pobreza mediante actividades no exterior. A primeira convocatoria de axudas para proxectos foi publicada na Orde do 20 de maio de 1994 (DOG nº 103, do 3 de xuño) e a máis recente, o 30 de decembro de 2008 (DOG nº 14, do 21 de xaneiro de 2009).

Estas convocatorias están dirixidas exclusivamente a ONGD. Durante o período 2010-2013, ademais de se teren en conta as consideracións xerais aplicables a todas as convocatorias, promoverase que as propostas financiadas teñan marcos temporais máis longos, continuando a tendencia que se deu durante o período 2006-2009. Este feito é positivo para favorecer accións máis integrais nas súas formulacións e, polo tanto, con maior capacidade potencial de impacto.

#### *6.1.3- Convocatoria de axudas para proxectos doutros axentes no exterior.*

As axudas destinadas a proxectos no exterior para axentes diferentes de ONGD representan a principal oportunidade de participación no esforzo de cooperación galego para universidades, empresas e as súas organizacións, sindicatos, centros tecnolóxicos e de formación empresarial, e comunidades galegas no exterior. As convocatorias para este tipo de axudas realizáronse ata agora mediante unha dotación específica de fondos, dentro da mesma orde de convocatoria de axudas a proxectos de desenvolvemento para ONGD. A primeira orde publicouse en marzo de 2003 (DOG nº 44, do 4 de marzo de 2003) e a máis recente, o 30 de decembro de 2008 (DOG nº 14, do 21 de xaneiro de 2009).

Aplicaranse a esta convocatoria todas as observacións xerais antes formuladas, sendo de especial relevancia neste caso a promoción da especialización dos diferentes actores naqueles ámbitos en que a súa capacidade para realizar unha contribución efectiva á promoción do desenvolvemento é máis elevada.

Adicionalmente, eliminaranse as distincións entre os diferentes axentes de cooperación no referente a requisitos orzamentarios que deben cumprir as propostas, e avanzarase cara a unha maior adecuación do formulario de solicitude de subvención aos diferentes axentes da cooperación que concorren a esta convocatoria.

#### *6.1.4- Convocatoria de axudas para programas*

A convocatoria de programas, introducida por primeira vez en 2008, pretende favorecer contribucións ao desenvolvemento máis integrais e sostidas que aquelas que se poden realizar mediante os proxectos. As subvencións para programas de cooperación articuláronse sempre mediante unha convocatoria específica. A primeira convocatoria tivo lugar en 2008, a través da Orde do 30 de xullo de 2008 (DOG nº 146, do 30/07/2008), e a máis recente, o 18 de xuño de 2009 (DOG nº 118, do 18/07/2009).

Estas convocatorias están destinadas exclusivamente a ONGD. A obtención dunha subvención para un programa requirirá necesariamente que as actividades propostas se leven a cabo nos sectores de actuación prioritarios e en países que sexan prioritarios ou que formen parte do grupo de países menos adiantados (PMA).

Este instrumento contará progresivamente con máis importancia dentro do conxunto de medios de canalización de fondos da cooperación galega, de forma coherente coa tendencia que tamén se promoverá en canto a marcos de actuación de maior alcance temporal na convocatoria de proxectos para ONGD no exterior.

Dado o significativo volume de fondos que se canaliza mediante este instrumento, traballárase para que os criterios de valoración das propostas manteñan un grao adecuado de estabilidade ao longo das diferentes edicións. Por outra parte, daráselle continuidade á política de transparencia que se seguiu ata agora en relación cos programas, no sentido de difundir as resolucións das convocatorias correspondentes.

#### *6.1.5- Convocatoria de axudas para microproxectos*

O microproxecto concíbese como un instrumento dirixido a ONGD xoves, con pouca experiencia na xestión de proxectos, e que polo tanto contan con escasas oportunidades de lograr financiamento a través da convocatoria ordinaria de proxectos, en competencia con entidades máis expertas. O obxectivo é facilitar a participación activa de novas ONGD galegas en actividades de cooperación, que se leven a cabo tanto no exterior como en Galicia, para lograr, a medio prazo, que estas entidades se convertan en axentes activos e independentes que poidan solicitar subvencións en igualdade de condicións co resto. Os microproxectos contaron con convocatorias específicas en 2008 e 2009. A primeira convocatoria publicouse en febreiro de 2008 (DOG nº 39, do 25/02/2008) e a máis recente, en maio de 2009 (DOG nº 93, 14/05/2009).

Xa que logo, este instrumento persegue dous obxectivos simultaneamente. En primeiro lugar, o acompañamento ás entidades xoves para que se poidan integrar no tecido da cooperación como axentes activos. En segundo lugar, a promoción da progresiva independencia desas entidades, xa que non se concibe o recurso a esta fonte de financiamento como algo permanente, senón como unha oportunidade que se debe utilizar nunha fase inicial, mentres a entidade reforza as súas capacidades de xestión, e articula a base social para lograr un grao adecuado de autonomía. O deseño das convocatorias atenderá a estes dous obxectivos, focalizando o instrumento nas entidades do perfil sinalado, e simultaneamente asegurando que este instrumento é claramente percibido como unha opción de financiamento inicial.

Por último, cómpre sinalar que a existencia deste instrumento, aínda que se xustifica pola necesidade de dinamizar e fortalecer o tecido da cooperación galega, debe ser útil para a promoción do desenvolvemento nos países do sur, de igual forma que pretenden selo a totalidade

dos instrumentos da axuda galega ao desenvolvemento. O deseño das convocatorias observará este principio, para que a inexperiencia que se lles supón ás entidades que poden optar a esta convocatoria en ningún caso se traduza en baixa calidade das propostas ou en actuacións con menor capacidade potencial de impacto. Concretamente, e para as actividades financiadas no marco dun microproxecto no exterior, será de gran relevancia a experiencia da contraparte implicada nas actividades propostas, para asegurar que a achega feita a través do microproxecto, aínda que de limitada contía, supoña unha contribución efectiva aos procesos de desenvolvemento do sur.

#### *6.1.6- Convocatorias de axudas para proxectos de educación para o desenvolvemento.*

A educación para o desenvolvemento (ED) é unha prioridade sectorial da cooperación galega. Establecerase unha convocatoria específica para este ámbito de actuación, xa que as actividades que nel se encadran presentan características diferenciadas en comparación con aquelas que se levan a cabo no exterior. Como novidade respecto ao I Plan director, o nome da convocatoria será *Educación para o desenvolvemento*, entendendo que este ámbito de actuación inclúe as actividades de formación, sensibilización, investigación e mobilización, tal e como se define no punto de prioridades sectoriais deste plan director. A primeira convocatoria de axudas para estas actividades publicouse en 1996 (DOG nº 89, do 07/05/1996) e a última, o 21 de xaneiro (DOG nº 14, do 21/01/2009).

Teranse en conta todos os aspectos xerais antes sinalados, sendo neste caso de especial importancia a posibilidade de financiar de forma integral propostas viables e realistas desde o punto de vista da planificación orzamentaria dos recursos humanos. Este ámbito de actuación require un esforzo importante en materia de recursos humanos, feito que debe ser considerado no deseño das convocatorias. Unha cooperación con vocación transformadora, como é a galega, é consciente da importancia que ten o traballo nas sociedades do norte para cambiar percepcións e actitudes respecto á realidade dos países do sur.

De forma específica, para o deseño da convocatoria de ED teranse en conta os seguintes aspectos:

- En primeiro lugar, *a convocatoria estará aberta a todos os axentes de cooperación*, aínda que se lles dará prioridade ás ONGD, ás universidades e aos centros formativos, dada a súa experiencia e capacidade contrastada na posta en práctica deste tipo de actividades.
- En segundo lugar, *fomentarase unha distribución razoable dos recursos* entre as catro dimensións de actuación que se encadran no ámbito da ED.
- En terceiro lugar, *non se establecerán máximos en canto á cantidade subvencionable*, entendendo que o criterio, plenamente vixente, de evitar unha concentración excesiva dos recursos nun número moi limitado de propostas non debe impedir que iniciativas de maior envergadura sexan admitidas no proceso de valoración.
- En cuarto lugar, *mellorarase o deseño dos formularios* para adecualos a cada un dos ámbitos da ED: sensibilización, formación, investigación e mobilización. Permitirase así unha descrición das propostas que reflecta de forma máis adecuada as potencialidades das actividades planificadas en cada caso.
- En quinto lugar, *potenciaranse as actividades destinadas aos ámbitos de educación non formal*, por exemplo a través de colectivos que poidan xerar un proceso de multiplicación:

asociacións de veciños, asociacións de nais e pais de alumnos, asociacións de empresas e colectivos de empregados públicos, entre outros. Tradicionalmente, as actividades dirixidas a estes colectivos non tiveron moito peso no conxunto de accións de cooperación no ámbito da ED. O seu potencial transformador débese ter en conta, tanto porque favorece un apoio máis sólido da cidadanía á política de cooperación como polas posibilidades que abre para a eventual incorporación ao tecido da cooperación de persoas e colectivos informados e sensibilizados mediante estas canles informais.

- En sexto lugar, *adecuarse o conxunto de criterios que se utilizan para valorar as propostas*, de forma que se fomenten aquelas características destas que se definan como positivas na convocatoria para a eficacia das accións de ED. No caso das actividades de formación, aparecen como factores positivos a continuidade e integralidade das propostas, así como a coordinación entre diferentes actores, sobre todo no ámbito dos materiais educativos e de sensibilización, para aproveitar complementariedades e evitar duplicación de esforzos. Adicionalmente valoraranse outros aspectos relacionados coa eficacia. Estes aspectos fan referencia á coordinación coa educación regrada, a adecuación e diversificación dos contidos transmitidos e a utilización de metodoloxías adecuadas ao ámbito a que se dirixen as actividades presentadas.

#### *6.1.7- Convocatorias de axudas para proxectos de consolidación e fortalecemento de axentes de cooperación*

O obxectivo desta convocatoria é mellorar a capacidade dos diferentes actores para realizar unha contribución de calidade ao esforzo común en materia de cooperación. Responde a unha das prioridades sectoriais na sensibilización e educación para o desenvolvemento que se enuncia na Lei 3/2003 de cooperación para o desenvolvemento (artigo 8, punto 2d): “Potenciar os axentes de cooperación para o desenvolvemento de Galicia co fin de crear unha rede de solidariedade na nosa sociedade, así como impulsar e promover a participación social cidadá nas accións de cooperación para o desenvolvemento”. As convocatorias para estas axudas, que ata agora estiveron especificamente destinadas a ONGD, incluíronse sempre, mediante un capítulo específico, nas convocatorias de axudas para proxectos de ONGD, xunto coas axudas para outros axentes ou para actividades de educación e sensibilización. A primeira Orde é do 26 de febreiro de 2004 (DOG nº 48, do 09/03/2004) e a última, de xaneiro de 2009, publicada no DOG nº 14, do 21/01/2009.

Para o deseño das convocatorias, teranse en conta os seguintes aspectos:

- En primeiro lugar, *a convocatoria abrirase a todos os axentes, aínda que de forma selectiva*. O fortalecemento estrutural reservarase para as ONGD, pero o fortalecemento a través de capacitación estará ao alcance de todos os actores. Preténdese por unha banda que todas as entidades que xa realizan cooperación poidan elaborar propostas e xestionar proxectos de calidade. Por outra, inténtase promover a participación daquelas entidades con potencialidades como axentes de cooperación, pero cuxo descoñecemento dos procedementos de planificación, elaboración de propostas e xestión de proxectos no ámbito da cooperación supón actualmente un freo para a súa incorporación como axente activo na promoción do desenvolvemento.
- En segundo lugar, *non se establecerán máximos en canto á cantidade subvencionable*, entendendo que o criterio, plenamente vixente, de evitar unha concentración excesiva dos



recursos nun número moi limitado de propostas non debe impedir que as propostas de maior envergadura sexan admitidas no proceso de valoración.

- En terceiro lugar, *deseñaranse medidas para favorecer unha progresiva independencia das entidades que utilizan esta vía de financiamento*. O motivo é adecuar no maior grao posible as características do instrumento ao espírito que xustifica a súa existencia. Ese espírito é o de fortalecer as entidades, pero cun horizonte temporal limitado, xa que necesariamente os procesos de fortalecemento deben conducir a unha maior capacidade das entidades para articular a súa base social e xestionar as subvencións que se lles conceden, logrando polo tanto un maior grao de independencia.
- En cuarto lugar, *favoreceranse os proxectos de fortalecemento que sigan unha lóxica integral e continua* de ampliación de capacidades. Neste sentido, os criterios de valoración permitirán ter en conta ata que punto as actividades propostas se enmarcan nunha estratexia integral, favorecendo por exemplo aquelas actividades que supoñen unha continuación lóxica respecto a outras xa realizadas anteriormente.
- En quinto lugar, *establecerase a obriga de realizar unha avaliación*, para proxectos que recibisen unha subvención por encima dunha determinada contía.

## **6.2- Outros instrumentos de canalización da axuda**

### *6.2.1- Cooperación directa*

A cooperación directa supón unha modalidade de canalización da axuda mediante a cal se expresa o esforzo de cooperación que a Xunta de Galicia fai cos seus propios recursos, non soamente a través da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, senón tamén por medio doutros departamentos da Xunta. A *axuda directa* constitúe un instrumento imprescindible para permitir que as capacidades e experiencia da Administración autónoma se poñan ao servizo das necesidades de desenvolvemento dos países do sur. Este tipo de cooperación realizarase en coordinación coas oficinas técnicas de cooperación (OTC) da AECID.

Dadas as características da cooperación directa, promoverase unha maior claridade na súa xestión. Destacan dous ámbitos nos cales é importante avanzar neste sentido durante o período 2010-2013:

1. *Transparencia*: difundirase a información referente a todas as accións de cooperación directa, o mesmo que se fixo cos programas de cooperación no exterior desde 2008.
2. *Avaliación*: reforzaranse o seguimento e avaliación das actividades financiadas mediante cooperación directa, e promoverase o acceso público a esta información. Isto é especialmente importante, xa que os fondos canalizados por esta vía non son sometidos a un proceso de adxudicación mediante convocatoria pública, como sucede con outro tipo de axudas. Débese evitar que este elemento de discrecionalidade, necesario para preservar o espírito do instrumento, facilite unha percepción equivocada por parte do conxunto de actores da cooperación respecto á utilización da cooperación directa e a súa funcionalidade.

### 6.2.2- Convenios de cofinanciamento

Os convenios de cofinanciamento son acordos que a Xunta establece con outras entidades para a posta en práctica de actividades de cooperación. Cumpren un papel importante, por canto permiten levar a cabo accións que, debido á súa natureza ou ás características da entidade que as leva a cabo, non se adaptan ben aos marcos de actuación que se promoven a través de convocatorias públicas de subvencións.

Para incrementar a claridade na xestión da axuda canalizada mediante convenios consideraranse, en primeiro lugar, as mesmas orientacións que se fixeron na epígrafe anterior para o caso da cooperación directa, referidas á transparencia e á avaliación.

Adicionalmente, será necesario observar no caso dos convenios un terceiro principio, como é o da *pertinencia*. Os convenios utilizaranse preferentemente para subvencionar actividades que non poidan ser financiadas mediante as convocatorias ordinarias de axudas a diferentes actividades de cooperación. Concretamente, reservarase a súa utilización para os seguintes casos:

- En primeiro lugar, cando a *urxencia e excepcionalidade* das circunstancias non permitan apelar aos procedementos regulados mediante convocatoria ordinaria.
- En segundo lugar, cando se definan accións cun alcance temporal medio e longo que requiran un *marco de actuación previamente establecido*.
- En terceiro lugar, sempre que se deban convir accións conxuntas con *entidades que, pola súa natureza, non se poidan acoller ás vías normalizadas* de acceso a recursos públicos mediante convocatorias.
- En cuarto lugar, cando se trate da promoción de *proxectos ou programas de carácter rexional* baseados na cooperación sur - sur e en promover a xeración de coñecemento a través do intercambio de experiencias nas diversas prioridades sectoriais ou transversais, como pode ser o PROFOPAC.

### 6.2.3- Plans operativos Xunta de Galicia-AECID

O convenio marco asinado entre a Xunta de Galicia e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) o 3 de xullo de 1998 posibilitou, en 2006 e 2007, a sinatura de dous plans operativos para a posta en práctica de actuacións conxuntas en diversos países.

O convenio marco entre as dúas institucións continúa vixente, e malia que nos anos 2008 e 2009 non se materializou en plans operativos conxuntos, constitúe un instrumento que se considera neste plan director como plenamente válido para o período 2010-2013, na medida en que tanto a Xunta como a AECID estimen oportuna a súa utilización.

Teranse en conta os seguintes aspectos para o establecemento de novos plans operativos no futuro:

- En primeiro lugar, buscarase unha *especialización en sectores determinados*, priorizando os sectores en que a cooperación galega pode achegar coñecementos e prácticas propias, como podería ser o caso da pesca e a acuicultura,, que supoñen un valor engadido máis alá da mera contribución económica.

- En segundo lugar, *tratarase de encadrar estes plans operativos nun enfoque de cooperación integral*, de forma que as accións cofinanciadas reforcen os efectos e o impacto dos proxectos que realicen os distintos actores da cooperación galega na mesma rexión xeográfica e sector de actuación.

#### 6.2.4- Convocatorias de bolsas de formación e contratación de persoal experto

As actividades destinadas á formación de persoal especializado, así como a contratación persoal xa formado e experto en determinados ámbitos, constitúen tarefas básicas que a Xunta levará a cabo no marco do fortalecemento do sistema galego de cooperación.

Estas tarefas débense entender como un esforzo directo realizado pola Xunta en consonancia con esforzos análogos destinados ao fortalecemento das capacidades doutros axentes de cooperación, articulados mediante a convocatoria correspondente.

No caso das bolsas e a contratación de persoal experto, traballarase concretamente nestes tres ámbitos:

- *Bolsas de formación de persoal experto en cooperación internacional para levar a cabo actividades en países en desenvolvemento, en colaboración con outras institucións que estean traballando sobre o terreo.*

Este instrumento ten unha tripla utilidade. En primeiro lugar permítelles ás persoas especializadas nestes temas adquirir experiencia de traballo no terreo. En segundo lugar, a Administración benefíciase porque o investimento dirixido á mellora das capacidades destas persoas, sostida no tempo, ten un retorno a medio e longo prazo para todo o sistema de cooperación. Por último, a relación entre a Xunta e outras institucións a través das cales se poida articular esta bolsa vese reforzada tamén, ao ser este un modo concreto de dar forma a acordos de colaboración beneficiosos para ambas as partes que poden facer máis eficaz a cooperación.

- *Bolsas de formación de persoal experto en cooperación internacional para levar a cabo actividades na propia Xunta.*

Permiten que persoas con formación en cooperación ao desenvolvemento se poidan familiarizar cos procedementos administrativos dunha estrutura governamental, adquirindo unha valiosa experiencia. A continuidade desta oferta de bolsas de formación e prácticas poderá supor o establecemento de marcos de cooperación entre a Xunta e entidades educativas galegas, españolas ou internacionais que lles darán unha relevancia maior ás actividades asociadas á política de axuda.

- *Contratación de persoal especializado para accións de identificación, xestión ou avaliación de proxectos.*

Sen prexuízo do xa expresado en canto á necesidade de reforzar a estrutura estable da Xunta tanto desde o punto de vista técnico como administrativo, é moi conveniente para a calidade da xestión poder contar cando sexa necesario con capacidades técnicas específicas en ámbitos en que un coñecemento experto supón un alto valor engadido.

### 6.2.5- Acción humanitaria

A Subdirección Xeral de Cooperación Exterior continuará coa súa contribución en materia de acción humanitaria (AH) ante as situacións que esixan a activación dos instrumentos propios deste ámbito de actuación, a través do envío dos recursos dispoñibles en cada caso ás zonas afectadas.

Desde o punto de vista estratéxico, xa se destacou a necesidade de mellorar a focalización dos recursos en actividades que correspondan xenuinamente ao concepto de AH internacionalmente aceptado. Desde un punto de vista máis instrumental, algúns aspectos relevantes que se terán en consideración para a canalización dos fondos de AH son:

- En primeiro lugar, *reforzar o papel da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior* como canalizador único de todo o esforzo da cooperación galega en materia de AH. Evitarase a posibilidade de lograr subvencións para proxectos de AH a través das convocatorias ordinarias de proxectos e programas. Desta forma, preténdese que o financiamento de actividades de AH se realice integramente a través de mecanismos e instrumentos propios.
- En segundo lugar, *considerar a necesidade das poboacións afectadas como criterio básico para a asignación dos recursos*. Non se establecen neste ámbito, polo tanto, prioridades sectoriais ou xeográficas, precisamente para poder dirixir a AH cara a aqueles colectivos, independentemente da súa localización xeográfica, para os cales as actuacións teñan un alto valor engadido, tanto pola extrema gravidade da situación que se pretende colaborar a paliar como pola incapacidade do tecido social e institucional do país ou territorio en cuestión para facer fronte por si mesmo a esa situación.
- En terceiro lugar, *avanzar cara a un sistema máis adecuado de adxudicación de fondos para actividades de AH*. Este sistema, como xa se sinalou, debe ser xestionado integramente pola Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, e debería incluír dous compoñentes instrumentais diferenciados. Por unha parte, unha convocatoria pública de subvencións, a través da cal se debe canalizar unha parte substancial dos recursos xestionados, que permita financiar aquelas actividades con certo grao de previsibilidade, como poidan ser algúns dos proxectos de axuda humanitaria. Por outra parte, sería conveniente instaurar un segundo resorte instrumental máis flexible, como poida ser unha convocatoria aberta permanente, ou un sistema de articulación de convenios, para permitir unha reacción rápida ante situacións de emerxencias humanitarias non previstas.

A Xunta de Galicia, como parte do esforzo de fortalecemento da súa propia estrutura de xestión e deseño da política de cooperación, pretende elaborar ao longo do período 2010-2013 unha proposta, debidamente fundamentada e motivada, conducente á creación da Axencia Galega de Cooperación. Na primeira metade do período abordarase a realización dun estudo sobre a pertinencia e a oportunidade da creación da Axencia que permita orientar a decisión política de cara a súa creación e posta en marcha na segunda metade do período. O propósito será dispor dunha resposta institucional máis acorde coa flexibilidade operativa, a especialización profesional e as competencias técnicas e humanas que reclama unha cooperación ao desenvolvemento sólida e eficaz. Dentro desta proposta, considerarase a posibilidade de que a xestión da AH sexa finalmente incluída dentro do ámbito de actuación da nova axencia, habendo polo tanto un só organismo de xestión tanto para a axuda ao desenvolvemento como para a AH.

## 7. ACTORES DA COOPERACIÓN GALEGA

### 7.1- A Xunta de Galicia

A cooperación internacional configurouse como un dos elementos definitorios da acción exterior da Xunta de Galicia. A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, dependente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e dentro daquela a Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é a unidade que se encarga do deseño e xestión desta política pública. A Xunta de Galicia constitúe, polo tanto, un actor central da política galega de cooperación, xa que ten a responsabilidade da planificación estratéxica e a canalización e xestión dos fondos públicos destinados a esta finalidade. Adicionalmente, correspóndelle á Xunta a promoción do fortalecemento e mellora de capacidades dos axentes de cooperación, o aproveitamento da complementariedade entre eles, promoción dos valores de solidariedade e compromiso da sociedade galega para cos países en desenvolvemento.

A creación da Axencia Galega de Cooperación debера ser unha oportunidade para incrementar a solidez e eficacia da política de axuda por parte da Xunta. Nesa senda, é importante propiciar a coordinación e integración dos distintos axentes da cooperación, así como dos departamentos da Xunta de Galicia e actores sociais, tal e como se indica na Lei 3/2003 de cooperación para o desenvolvemento.

Ademais do papel central da Xunta nos ámbitos da planificación e a xestión da axuda, desprega accións de cooperación directa non só a través da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, senón tamén doutros departamentos da Xunta, organismos autónomos ou entes públicos, con capacidades e competencias de interese para as estratexias de desenvolvemento dos países socios, que deberán prever anualmente nos seus orzamentos partidas para axuda ao desenvolvemento. A este respecto, fortaleceranse os mecanismos de coordinación interdepartamental no seo da Xunta para garantir que esa cooperación é o máis eficaz e coherente posible. Por último, na procura desa coherencia, promoverase que o Consello de Acción Exterior<sup>6</sup>, novo órgano de carácter consultivo, acolla nos seus debates e informes os referidos á cooperación para o desenvolvemento. Non en van esta última inscríbese no ámbito da acción exterior da Xunta de Galicia.

### 7.2- Concellos e deputacións

A cooperación local é un importante actor da cooperación galega. Aínda que o esforzo que realizan os municipios en materia de AOD é limitado na súa contía, ten importancia por canto pode reforzar as condicións de gobernanza dos países en desenvolvemento e contribuír a unha mellor cobertura

---

<sup>6</sup> A creación e regulación do Consello de Acción Exterior establécese no Decreto 368/2009, do 30 de xullo (DOG 07/09/2009).

das necesidades sociais da súa poboación. As deputacións tamén realizan tarefas de cooperación, mediante achegas e iniciativas de interese para o conxunto do sistema galego de cooperación. En calquera caso, e independentemente do esforzo económico individual, débese estimular a cooperación que realizan concellos e deputacións polo valor que supón este esforzo da cidadanía canalizado a través das súas institucións máis próximas. Adicionalmente, cómpre empeñarse en lograr con iso o maior impacto posible.

Un instrumento valioso para potenciar a cooperación local como para mellorar a súa coordinación e capacidade de impacto é o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (FOGACOSOL), que está recoñecido pola FEGAMP (Federación Galega de Municipios e Provincias) como a Axencia Municipal Galega para a Cooperación. O seu papel primordial é recoñecido pola Xunta de Galicia, que renova o seu compromiso en apoio á consolidación de FOGACOSOL como instrumento vertebrador da cooperación municipal.

Neste sentido, o reto do municipalismo galego é coordinarse e aliñarse co resto de axentes da cooperación galega, favorecendo o incremento do número de entidades que se impliquen neste sector da acción pública. Adicionalmente, é relevante a contribución que poden facer as entidades municipais galegas no fortalecemento de municipalismo e das institucións locais dos países en desenvolvemento.

### **7.3- Organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento**

As ONGD son un actor central no sistema de cooperación para o desenvolvemento. Son entidades con coñecemento experto para promover e xestionar intervencións de desenvolvemento ou de acción humanitaria nos países do sur, con vantaxes en termos de flexibilidade e capacidade operativa respecto a outros posibles actores. O obxectivo deste plan director é facilitar que as ONGD poidan achegar o máximo valor engadido á cooperación mediante as accións que levan a cabo nos países do sur.

Por outra parte, as ONGD son entidades que teñen como outra das súas misións fomentar a conciencia da cidadanía e a educación para o desenvolvemento no norte, para promover valores de responsabilidade e solidariedade articulando a súa resposta en forma de iniciativas favorables a un mundo máis xusto.

Ambas as actividades, a promoción da conciencia cidadá respecto aos problemas do sur e a xestión de intervencións de desenvolvemento, deben estar na base da actividade das ONGD galegas. Así mesmo, esta dobre tarefa xustifica o apoio que estas entidades reciben da Xunta de Galicia e doutras institucións públicas, con cargo aos orzamentos respectivos.

Unha gran maioría das ONGD están organizadas a través da Coordinadora Galega de ONGD, que constitúe unha plataforma de coordinación e intercambio de experiencias. De feito, a coordinadora está integrada na Coordinadora Estatal de ONGD e neste momento aglutina 47 entidades do tecido galego de cooperación, realizando un labor recoñecido institucional e socialmente nos eidos de sensibilización, formación e representación política. Este recoñecemento encóntrase expresado na exposición de motivos da lei 3/2003 de cooperación para o desenvolvemento.

### **7.4- Universidades e outros centros de investigación**

As universidades e outros centros de investigación teñen un gran potencial na xeración do coñecemento experto, así como unha capacidade notable para se constituíren en espazo de

formación non só de saberes técnicos, senón tamén de valores cidadáns. Así pois, dentro do sistema galego de cooperación ao desenvolvemento, estas entidades constitúen espazos relevantes de investigación e formación. As universidades, adicionalmente, posúen unha importante capacidade de sensibilización, dado que en torno a elas se aglutinan os colectivos do alumnado, profesorado, ambos con importantes potencialidades para realizar unha contribución activa e útil na promoción do desenvolvemento. Catro serían os ámbitos básicos en que se podería despreñar a acción das universidades e centros de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento:

- Actividades que as universidades ou outros centros de investigación despreñen no ámbito académico, tanto no campo da formación en materia de desenvolvemento e cooperación como no da investigación, apoiando teses de doutoramento ou investigacións sobre a materia.
- Actividades de cooperación interuniversitaria das universidades con centros homólogos no sur. Neste ámbito incluíríanse actividades para o fortalecemento institucional das universidades dos países en vías de desenvolvemento, a asistencia para o deseño de títulos e currículos académicos, o apoio á mobilidade de investigadores e docentes dun e outro país, ou a organización de pasantías, entre outras.
- Actividades das universidades centradas no apoio, asistencia e investigación en educación para o desenvolvemento, xa sexan entre universidades do norte ou, sobre todo, mediante acordos entre centros do norte e do sur.
- Actividades das universidades que promovan a cidadanía activa e solidaria, implicando a universidade en eidos como a educación para o desenvolvemento.

Dentro do ámbito universitario español, existe o Observatorio da Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento, a partir do cal xurdiu en 2007 un código de conduta das universidades en materia de cooperación para o desenvolvemento. Este código será observado nas accións de cooperación que se leven a cabo por parte das universidades galegas, por canto supón unha referencia clara respecto aos fins que debe perseguir a cooperación universitaria para o desenvolvemento.

Este esforzo de coordinación que existe a nivel estatal supón un importante elemento inspirador do que se pode lograr desde o ámbito universitario en materia de cooperación mediante o establecemento de vínculos estables de colaboración entre distintas universidades. Neste sentido, sería moi importante que se levase á práctica a proposta de creación do Observatorio Galego de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento, pois a capacidade de impacto das actividades de cooperación que realicen as universidades increméntase na medida en que estas amplían os seus espazos de coordinación.

#### **7.5- Empresas, asociacións de empresas, caixas de aforros**

As empresas, asociacións de empresas e as caixas de aforros son axentes da cooperación galega, e é necesario potenciar a súa contribución á promoción do desenvolvemento. Varios son os papeis que poden desempeñar as empresas no mundo da cooperación: poden operar como doadores, achegando recursos financeiros, humanos ou materiais de forma desinteresada; pódense constituír

en provedores de bens e servizos de calidade aos proxectos de desenvolvemento; poden facilitar a gobernanza, a través da promoción do diálogo social por parte das entidades homologas no sur; e poden promover iniciativas que posteriormente dean lugar á creación de tecido produtivo nos países en desenvolvemento. Os códigos de responsabilidade social corporativa son requisito previo imprescindible por parte das empresas que queiran participar en proxectos de cooperación. Asemade, potenciaranse aquelas iniciativas que xurdan dun partenariado público-privado e permitan a integración de actores no ámbito da cooperación.

#### **7.6- Sindicatos**

Os sindicatos poden contribuír ás accións de desenvolvemento, o mesmo que o resto dos axentes sociais, apoiando cos seus recursos e capacidades humanas e técnicas as intervencións directas neste campo. Así mesmo, os sindicatos están en condicións de realizaren unha decisiva actividade no campo da sensibilización e educación para o desenvolvemento, tanto entre os seus afiliados como entre o colectivo dos/as traballadores/as.

Son numerosas as vías concretas de acción para os sindicatos, sendo a súa contribución máis central dar apoio á organización sindical no mundo en vías de desenvolvemento, potenciando a capacidade técnica e organizativa destas institucións, apoiando a súa participación no diálogo social nos seus respectivos países e potenciando a súa loita polos dereitos laborais. Contribúese así a unha maior articulación e fortaleza da sociedade civil nos países en desenvolvemento, requisito obrigado para a consolidación da democracia e para a mellora das condicións de vida das persoas traballadoras. É importante fomentar a especialización dos sindicatos no seu ámbito propio de actuación, sendo este o das relacións laborais, o diálogo social, a articulación do movemento sindical e a promoción de cambios na estrutura produtiva.

En Galicia existe un ámbito sindical con especial relevancia polo valor que pode ofrecer á contribución dos sindicatos á cooperación: os sindicatos agrarios. A experiencia asociativa aparece neste ámbito vinculada a ricas tradicións de organización da produción nos sectores primarios da agricultura e da pesca e a acuicultura, que normalmente constitúen unha parte importante do tecido produtivo nas zonas máis pobres dos países en desenvolvemento.

#### **7.7- Comunidades galegas no exterior**

As comunidades galegas no exterior son recoñecidas como axentes da cooperación, e poden chegar a se constituír, baixo determinadas condicións, nun actor realmente activo no ámbito da axuda. Contan coas vantaxes da implantación no país de acollida e a rede de relacións que lograsen crear con outros actores de desenvolvemento. Por iso, constitúe unha prioridade da cooperación galega integralas máis activamente nas intervencións de desenvolvemento nos seus respectivos países. Os criterios xerais de identificación e de formulación das iniciativas destas comunidades serán os habituais en toda intervención de desenvolvemento, aínda que se avalarán aquelas propostas de calidade que elaboren con independencia de que o país figure na relación de prioritarios.

Para que estas potencialidades se reflectan en capacidades reais e, polo tanto, na presentación de propostas de cooperación de acordo cos principios, obxectivos e criterios que marca o plan director, cómpre que poidan acceder a actividades de sensibilización e capacitación promovidas desde a propia Xunta.



O Consello de Comunidades Galegas, creado pola Lei galega 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegidade, é o órgano representativo das comunidades galegas no exterior e, polo tanto, correspóndelle o papel de interlocutor principal coa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior en todo o referente á participación das comunidades galegas en actividades de cooperación.

#### **7.8 – Outras entidades**

Outras entidades como as fundacións, públicas ou privadas, e as asociacións que teñan entre os seus fins as actividades de cooperación para o desenvolvemento, tamén poderán actuar como axentes de cooperación apoiando coas súas capacidades determinadas intervencións ou realizando actividades de cooperación nos seus respectivos ámbitos de actuación.



## **ANEXO 1**

### **II Plan director da Cooperación Galega 2010-2013**

#### **Planificación estratéxica**

Ámbitos de actuación	Obxectivos xerais	Obxectivos específicos	Indicadores
<p><b>Ámbito 1:</b></p> <p><b>Contribución á redución da pobreza colaborando na consecución dos ODM e promovendo o desenvolvemento nos países do sur</b></p>	<p><b>O.X. 1</b></p> <p><b>Contribuír á loita contra a pobreza colaborando na consecución dos ODM</b></p>	<p><b>O.E. 1.1</b></p> <p>Priorizar as actividades destinadas á satisfacción de necesidades sociais básicas</p>	<p><b>I. 1.1.1</b></p> <p>Como mínimo, un 30% da axuda desembolsada no exterior destinouse á satisfacción das necesidades sociais básicas</p>
		<p><b>O.E. 1.2</b></p> <p>Asegurar que unha parte da axuda se destina a países menos adiantados</p>	<p><b>I. 1.2.1</b></p> <p>Como mínimo, un 25% da axuda desembolsada no exterior destinouse a PMA (países menos adiantados)</p>
		<p><b>O.E. 1.3</b></p> <p>Priorizar as accións dirixidas aos grupos especialmente vulnerables</p>	<p><b>I. 1.3.1</b></p> <p>Favorecéronse estes grupos mediante a inclusión nas convocatorias de criterios específicos de valoración</p>
	<p><b>O.X. 2</b></p> <p><b>Potenciar o desenvolvemento económico de base local e ambientalmente sustentable</b></p>	<p><b>O.E. 2.1</b></p> <p>Fortalecer as capacidades institucionais en xestión ambiental e os procesos de participación social para reducir a vulnerabilidade ante a deterioración ambiental do hábitat como consecuencia da acción do ser humano, do cambio climático ou outras causas</p>	<p><b>I. 2.1.1</b></p> <p>As propostas financiadas incluíron un apartado para unha previsión do impacto que a acción terá en relación coa sustentabilidade ambiental e coas políticas públicas do país socio que as promova</p>
		<p><b>O.E. 2.2</b></p> <p>Fortalecer un tecido produtivo diversificado con especial atención tanto aos sectores en que Galicia achega un recoñecido valor agregado como ás formas de organización baseadas no cooperativismo</p>	<p><b>I. 2.2.1</b></p> <p>Como mínimo, un 25% da axuda desembolsada dedicada ao sector de actuación <i>infraestrutura e promoción do tecido económico</i> destinouse a proxectos de economía social e cooperativa</p>
		<p><b>O.E. 2.3</b></p> <p>Fomentar os proxectos en que se considere o desenvolvemento rural, pesqueiro e acuícola de base social e ambientalmente sustentable</p>	<p><b>I. 2.3.1</b></p> <p>Como mínimo, un 40% da axuda desembolsada dedicada ao sector de actuación <i>infraestrutura e promoción do tecido económico</i> dedicouse aos sectores pesqueiro ou acuícola e agrícola</p>
	<p><b>O.X. 3</b></p> <p><b>Promover a gobernanza democrática e o fortalecemento da participación da sociedade civil</b></p>	<p><b>O.E. 3.1</b></p> <p>Potenciar desenvolvemento institucional e o bo goberno nos ámbitos locais e rexionais</p>	<p><b>I. 3.1.1</b></p> <p>Como mínimo, o 10% da axuda canalizada mediante convenios destinouse a actividades encadradas en acordos con institucións locais e rexionais dos países socios</p>
		<p><b>O.E. 3.2</b></p> <p>Promover o respecto aos dereitos humanos fortalecendo o tecido social nos países en desenvolvemento</p>	<p><b>I.3.2.1</b></p> <p>Entre os criterios de valoración das propostas incorporouse un referido a como contribúe a intervención á defensa dos dereitos humanos</p>
			<p><b>I.3.2.2</b></p> <p>Promovéronse as accións de capacitación dos axentes da cooperación dirixidas ao coñecemento do enfoque baseado en dereitos humanos para a cooperación ao desenvolvemento</p>

Ámbitos de actuación	Obxectivos xerais	Obxectivos específicos	Indicadores
<p><b>Ámbito 1:</b></p> <p><b>Contribución á redución da pobreza colaborando na consecución dos ODM e promovendo o desenvolvemento nos países do sur</b></p>	<p><b>O.X. 4</b></p> <p><b>Mellorar a cohesión social, contribuíndo a unha redución das desigualdades e a un incremento da equidade de xénero</b></p>	<p><b>O.E. 4.1</b></p> <p>Promover o empoderamento das mulleres e incorporar o enfoque de <i>xénero no desenvolvemento</i> a todas as propostas de actuación</p>	<p><b>I.4.1.1</b></p> <p>Foi obrigatoria a incorporación do enfoque XED en todas as propostas e valorouse a calidade e profundidade deste</p>
		<p><b>O.E. 4.2</b></p> <p>Apoiar as políticas públicas que favorezan igualdade e a mobilidade social</p>	<p><b>I.4.2.1</b></p> <p>As propostas financiadas incluíron un apartado para unha previsión do impacto que a acción terá en relación coa igualdade e coas políticas públicas do país socio que as promova</p>
		<p><b>O.E. 4.3</b></p> <p>Defender a interculturalidade</p>	<p><b>I.4.3.1</b></p> <p>Foi obrigatoria a incorporación do enfoque intercultural en todas as propostas e valorouse a calidade e profundidade deste</p>
	<p><b>I.4.3.2</b></p> <p>Como mínimo, o 15% da axuda desembolsada destinouse a comunidades beneficiarias con alta presenza de poboación indíxena, afrodescendente, ou de calquera outra minoría étnica ou cultural</p>		
	<p><b>O.X. 5</b></p> <p><b>Realizar unha acción humanitaria integral de calidade</b></p>	<p><b>O.E. 5.1</b></p> <p>Contribuír á redución de riscos fortalecendo a capacidade local para diminuír a vulnerabilidade de poboacións ante posibles catástrofes</p>	<p><b>I.5.1.1</b></p> <p>Como mínimo, un 25% da axuda desembolsada dedicada a acción humanitaria destinouse á redución de riscos ante posibles catástrofes</p>
		<p><b>O.E. 5.2</b></p> <p>Mellorar a axilidade e eficacia da resposta humanitaria galega nas fases de emerxencia e reconstrución</p>	<p><b>I.5.2.1</b></p> <p>Os fondos dedicados a emerxencia e reconstrución focalizáronse de forma efectiva nas actividades que son consideradas dentro deste ámbito, de acordo co exposto no II Plan director e en consonancia co acordo internacional en materia de acción humanitaria</p>

Ámbitos de actuación	Obxectivos xerais	Obxectivos específicos	Indicadores
<p><b>Ámbito 2:</b> Mellora da calidade da axuda incorporando de forma máis efectiva os principios da Axenda de París</p>	<p><b>O.X. 6</b> Lograr unha maior previsibilidade a medio prazo dos recursos e marcos de actuación</p>	<p><b>O.E. 6.1</b> Seguir unha programación que permita asegurar ao finalizar o período de vixencia do II Plan director cun incremento dos recursos de entre un 50% e un 100% con respecto aos recursos dedicados en 2009</p>	<p><b>I.6.1.1</b> Logrouse manter unha tendencia ascendente no volume anual de axuda desembolsada, acadándose en 2013 un desembolso anual de entre 17,5 millóns e 23,2 millóns de euros</p>
		<p><b>O.E. 6.2</b> Incrementar os fondos dirixidos a accións con marcos de planificación plurianuais</p>	<p><b>I.6.2.1</b> Como mínimo, un 20% da axuda desembolsada canalizouse mediante subvencións a programas de cooperación, incluíndo no cómputo de axuda desembolsada todo o canalizado mediante convocatorias, convenios, AH e capítulo VI</p>
			<p><b>I.6.2.2</b> Incrementouse como mínimo nun 25% o desembolso medio por proxecto e ano respecto ao período 2006-2009, considerando de forma agregada todos os proxectos subvencionados mediante convocatorias a todos os axentes</p>
	<p><b>O.X. 7</b> Manter un adecuado grao de concentración dos fondos</p>	<p><b>O.E. 7.1</b> Limitar o número de países prioritarios e concentrar neles como mínimo o 80% dos recursos</p>	<p><b>I. 7.1.1</b> Como mínimo, un 80% da axuda desembolsada no exterior destinouse a actividades nos países prioritarios definidos polo II Plan</p>
			<p><b>I.7.1.2</b> Todos os programas de cooperación que recibiron subvencións leváronse a cabo en países prioritarios ou países menos adiantados, e en todos os casos as actividades estiveron centradas nos sectores prioritarios que define o II Plan director</p>
		<p><b>O.E. 7.2</b> Lograr un nivel de concentración dos recursos nos diferentes sectores de acordo co establecido nas prioridades sectoriais</p>	<p><b>I. 7.2.1</b> Non existiu unha desviación relevante na distribución sectorial da axuda desembolsada con respecto á orientación proposta no II Plan director, nin en canto á ordenación dos sectores por orde de prioridade nin en canto ao volume relativo de fondos que se destinou a cada un deles</p>

Ámbitos de actuación	Obxectivos xerais	Obxectivos específicos	Indicadores
<p><b>Ámbito 2:</b>  <b>Mellora da calidade da axuda incorporando de forma máis efectiva os principios da Axenda de París</b></p>	<p><b>O.X. 8</b>  <b>Mellorar a planificación e a xestión das intervencións</b></p>	<p><b>O.E. 8.1</b>  Avanzar na priorización de rexións xeográficas e sectores de actuación dentro de cada país</p>	<p><b>I. 8.1.1</b>  Como mínimo, en catro dos países prioritarios realizouse un diagnóstico para priorizar rexións xeográficas e sectores de actuación</p>
		<p><b>O.E. 8.2</b>  Mellorar a capacidade da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior para liderar de forma efectiva unha acción humanitaria galega de calidade</p>	<p><b>I. 8.2.1</b>  Toda a axuda desembolsada dedicada a acción humanitaria foi canalizada a través da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior.</p>
			<p><b>I.8.2.2</b>  Incrementáronse os recursos humanos e técnicos da no eido da AH durante o período 2010-2013</p>
			<p><b>I. 8.2.3</b>  Como mínimo, o 30% da axuda desembolsada dedicada a acción humanitaria canalizouse por medio de convocatoria pública</p>
		<p><b>O.E. 8.3</b>  Mellorar a funcionalidade dos instrumentos de canalización da axuda e a súa adecuación aos tipos de actuación a que van destinados</p>	<p><b>I. 8.3.1</b>  Como máximo, o 25% da axuda desembolsada canalizouse a través de convenios, incluíndo no cómputo de axuda desembolsada todo o canalizado mediante convocatorias, convenios, AH e capítulo VI, e a utilización deste instrumento axustouse ao establecido</p>
			<p><b>I. 8.3.2</b>  As axudas para microproxectos foron destinadas a ONG xoves que tiñan como máximo cinco anos de existencia</p>
			<p><b>I.8.3.3</b>  Adaptáronse os formularios das convocatorias aos diferentes axentes da cooperación</p>
			<p><b>I.8.3.4</b>  Estableceuse unha convocatoria específica para <i>educación para o desenvolvemento</i> e elaboráronse formularios de solicitude adaptados a cada un dos seus catro ámbitos</p>
			<p><b>I. 8.3.5</b>  Estableceuse un sistema de avaliación por pares para valorar as propostas de programas de cooperación</p>
			<p><b>I. 8.3.6</b>  Logrouse unha especialización dos actores da cooperación naqueles sectores en que a súa achega ofrece a contribución máis eficaz aos fins da cooperación, dentro do ámbito da axuda canalizada mediante convocatoria, utilizando para iso o deseño das convocatorias</p>
			<p><b>I. 8.3.7</b>  As convocatorias de axuda non estableceron un importe máximo subvencionable en concepto de recursos humanos para as propostas centradas na capacitación e a transmisión de coñecemento, senón que se valorou en cada caso a pertinencia orzamentaria neste ámbito</p>
		<p><b>O.E. 8.4</b>  Fortalecer a capacidade da Xunta para exercer un papel de liderado e dinamización na articulación dunha cooperación galega de calidade</p>	<p><b>I. 8.4.1</b>  Creouse a Axencia Galega de Cooperación</p>
			<p><b>I. 8.4.2</b>  Mellorouse a coordinación entre os diferentes departamentos da Xunta en materia de cooperación, especialmente coas consellerías do Mar, Educación e Ordenación Universitaria, Sanidade, e Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas</p>
			<p><b>I. 8.4.3</b>  Mellorouse a coordinación entre a Xunta e as Entidades da Administración Local de Galicia en materia de cooperación</p>
<p><b>I. 8.4.4</b>  Reforzáronse as capacidades técnicas e de xestión da Xunta, incorporando persoal experto como mínimo nas áreas de xénero e avaliación</p>			

Ámbitos de actuación	Obxectivos xerais	Obxectivos específicos	Indicadores
<p><b>Ámbito 2:</b></p> <p><b>Mellora da calidade da axuda incorporando de forma máis efectiva os principios da Axenda de París</b></p>	<p><b>O.X. 9</b></p> <p><b>Incrementar o grao de transparencia e de rendición de contas da cooperación galega</b></p>	<p><b>O.E. 9.1</b></p> <p>Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación</p>	<p><b>I. 9.1.1</b></p> <p>Os informes anuais da cooperación galega elaborados pola Xunta melloraron a súa calidade e ofrecen unha información completa das actividades</p>
			<p><b>I. 9.1.2</b></p> <p>Os datos estatísticos referentes á cooperación galega están presentes na información pública do Instituto Galego de Estatística</p>
			<p><b>I. 9.1.3</b></p> <p>A páxina web da cooperación galega mellorou a súa funcionalidade, incorporando máis información respecto a todas as actividades de cooperación, así como documentos de avaliación, estratéxicos e de debate no seo do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento</p>
			<p><b>I.9.1.4</b></p> <p>Fíxose pública a información referente a todos os convenios de cooperación asinados pola Xunta, así como a contía destes</p>
			<p><b>I. 9.1.5</b></p> <p>O Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento revisouse para garantir que contén información actualizada de todos os axentes de cooperación inscritos</p>
			<p><b>I.9.1.6</b></p> <p>Todas as consellerías informan de forma ordinaria a Subdirección Xeral de Cooperación Exterior das actividades que levan a cabo en materia de cooperación</p>
		<p><b>O.E. 9.2</b></p> <p>Mellorar a actividade avaliadora</p>	<p><b>I. 9.2.1</b></p> <p>Elaborouse un Plan de Avaliación que permite planificar a actividade avaliadora, dotándoa de continuidade e previsibilidade</p>
			<p><b>I.9.2.2</b></p> <p>Realizouse polo menos unha avaliación externa, profesional e pública da cooperación anual que se realiza en, polo menos, cinco dos países prioritarios</p>
			<p><b>I. 9.2.3</b></p> <p>A Subdirección Xeral de Cooperación Exterior realizou un informe de seguimento de medio termo sobre a aplicación do II Plan director, que foi presentado ao Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento</p>
			<p><b>I. 9.2.4</b></p> <p>Realizouse unha avaliación externa e independente do cumprimento do II Plan director durante o último semestre de 2013, cuxos resultados son públicos</p>



Ámbitos de actuación	Obxectivos xerais	Obxectivos específicos	Indicadores
<p><b><u>Ámbito 2:</u></b></p> <p><b>Mellora da calidade da axuda incorporando de forma máis efectiva os principios da Axenda de París</b></p>	<p><b>O.X. 10</b></p> <p><b>Mellorar os niveis de coordinación coa cooperación española e co resto das cooperación autónomas e iniciar unha gradual presenza da cooperación galega na acción multilateral</b></p>	<p><b>O.E. 10.1</b></p> <p>Aproveitar as oportunidades que ofrece a Conferencia Sectorial de Cooperación para o Desenvolvemento para lograr maior aliñamento e coordinación</p>	<p><b>I. 10.1.1</b></p> <p>A Xunta asumiu un papel activo nas reunións da Conferencia Sectorial de Cooperación para o Desenvolvemento dando a coñecer a súa política de cooperación</p>
		<p><b>O.E. 10.2</b></p> <p>Promover iniciativas de coordinación con outros sistemas de cooperación, con especial referencia ás cooperación autónomas</p>	<p><b>I. 10.2.1</b></p> <p>A Xunta realizou actividades de cooperación en coordinación coa cooperación española ou con outras cooperación autónomas</p>
		<p><b>O.E. 10.3</b></p> <p>Promover de forma gradual a presenza da cooperación galega na acción multilateral</p>	<p><b>I.10.3.1</b></p> <p>Establecéronse acordos de actuación nalgún dos países prioritarios con algún organismo multilateral</p>

Ámbitos de actuación	Obxectivos xerais	Obxectivos específicos	Indicadores
<p><b>Ámbito 3:</b>  <b>Promoción na sociedade galega da conciencia solidaria respecto á realidade do sur e da súa participación efectiva na promoción do desenvolvemento</b></p>	<p><b>O.X. 11</b>  <b>Mellorar a capacidade técnica e organizativa do tecido galego de cooperación para realizar unha contribución efectiva á cooperación para o desenvolvemento</b></p>	<p><b>O.E. 11.1</b>  Fortalecer os axentes da cooperación galega para mellorar a súa capacidade de contribuír eficazmente ao esforzo galego en materia de cooperación</p>	<p><b>I. 11.1.1</b>  Realizouse unha avaliación da convocatoria de fortalecemento que mostrou a consolidación institucional das ONGD</p>
			<p><b>I.11.1.2</b>  Promovéronse cursos de capacitación en cooperación para todos os actores dos ámbitos do desenvolvemento e a cooperación galega</p>
			<p><b>I. 11.1.3</b>  Adecuáronse os máximos subvencionables para os proxectos de fortalecemento e consolidación, permitindo financiar accións de maior envergadura</p>
		<p><b>O.E. 11.2</b>  Incrementar a coordinación entre os actores da cooperación galega</p>	<p><b>I.11.2.1</b>  Estableceuse un calendario de reunións para o Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento e creáronse grupos de traballo temáticos para facer o consello máis operativo e funcional</p>
			<p><b>I. 11.2.2</b>  Fortaleceuse a Coordinadora Galega de ONGD mediante a dotación de convenios</p>
			<p><b>I.11.2.3</b>  Fortaleceuse o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade mediante a dotación de convenios</p>
			<p><b>I. 11.2.4</b>  Como mínimo, un 6% da AOD desembolsada canalizouse a través de propostas conxuntas subvencionadas aos axentes de cooperación, que cumpren co espírito da complementariedade de actores que se expresa no II Plan director</p>
			<p><b>I. 11.2.5</b>  As comunidades galegas no exterior, representadas polo Consello de Comunidades Galegas, recibiron capacitación nos ámbitos do desenvolvemento e a cooperación, participando como axentes activos nos seus respectivos países, de forma coordinada con a Xunta, en actividades de cooperación non exclusivamente asistenciais</p>

Ámbitos de actuación	Obxectivos xerais	Obxectivos específicos	Indicadores
<p><b><u>Ámbito 3:</u></b></p> <p><b>Promoción na sociedade galega da conciencia solidaria respecto á realidade do sur e da súa participación efectiva na promoción do desenvolvemento</b></p>	<p><b>O.X. 12</b></p> <p><b>Realizar unha política activa e integral de educación para o desenvolvemento da sociedade galega</b></p>	<p><b>O.E. 12.1</b></p> <p>Estender a educación para o desenvolvemento aos diferentes ámbitos da sociedade fomentando a coordinación entre os actores implicados</p>	<p><b>I. 12.1.1</b></p> <p>Realizouse unha avaliación das actividades de educación para o desenvolvemento que observa unha mellora na adecuación de materiais e metodoloxías aos contidos transmitidos e aos colectivos destinatarios</p>
			<p><b>I. 12.1.2</b></p> <p>Polo menos un 30% dos fondos para actividades de formación destináronse a accións focalizadas fóra do ámbito da educación formal</p>
			<p><b>I. 12.1.3</b></p> <p>Fomentouse unha utilización equilibrada dos fondos destinados a educación para o desenvolvemento en cada unha das catro dimensións que a conforman</p>
			<p><b>I.12.1.4</b></p> <p>Adecuáronse os máximos subvencionables para as convocatorias de educación para o desenvolvemento permitindo financiar accións de maior envergadura</p>
			<p><b>I.12.1.5</b></p> <p>Leváronse a cabo actividades de sensibilización coa participación coordinada de diferentes departamentos da Xunta de Galicia</p>
		<p><b>O.E. 12.2</b></p> <p>Fomentar o comercio xusto e o consumo responsable</p>	<p><b>I.12.2.1.</b></p> <p>Realizouse polo menos un programa de formación de axentes de consumo e funcionarios públicos sobre <i>compra pública ética</i></p>
			<p><b>I.12.2.2.</b></p> <p>Incrementouse o número de departamentos e unidades da Xunta que cumpren os criterios de <i>compra pública ética e consumo responsable</i></p>
			<p><b>I. 12.2.3</b></p> <p>Realizouse polo menos un programa de capacitación sobre <i>comercio xusto</i> e consumo responsable</p>

Ámbitos de actuación	Obxectivos xerais	Obxectivos específicos	Indicadores
<p><b><u>Ámbito 3:</u></b></p> <p><b>Promoción na sociedade galega da conciencia solidaria respecto á realidade do sur e da súa participación efectiva na promoción do desenvolvemento</b></p>	<p><b>O.X. 13</b></p> <p><b>Incrementar o apoio á investigación e formación no sector da cooperación</b></p>	<p><b>O.E. 13.1</b></p> <p>Promover a transferencia de coñecemento cara aos países do sur</p>	<p><b>I. 13.1.1</b></p> <p>Continuouse co apoio aos programas de formación superior en colaboración cos países do sur</p>
		<p><b>O.E. 13.2</b></p> <p>Fomentar a investigación e a formación nos ámbitos do desenvolvemento e a cooperación</p>	<p><b>I.13.2.1</b></p> <p>As universidades e outros centros de estudos levaron a cabo accións de investigación e formación en desenvolvemento e cooperación a través das convocatorias de Educación para o Desenvolvemento</p>
		<p><b>O.E. 13.3</b></p> <p>Promover as complementariedades entre os centros de investigación nos ámbitos do desenvolvemento e a cooperación</p>	<p><b>I. 13.3.1</b></p> <p>Como mínimo, o 50% dos fondos destinados a investigación dirixíronse a proxectos con participación de departamentos de dúas ou máis universidades galegas</p>

## **ANEXO 2**

### **II Plan director da Cooperación Galega 2010-2013**

#### **Principais parámetros económicos e sociais dos países prioritarios**

País	Rexión	Axuda total recibida da cooperación galega (2006-2009) (€)	Porcentaxe sobre o total da axuda galega desembolsada no exterior (2006-2009)	PIB per cápita (PPA US \$ 2009)	Clasificación do país segundo o seu ingreso	Índice de desenvolvemento humano (IDH)	Clasificación do país segundo o seu IDH
Perú	América do Sur	4.083.263,88	14,36	7,836	medio baixo	0,806	Alto
Guatemala	América Central	2.516.602,48	8,85	4,562	medio baixo	0,704	Medio
Bolivia	América do Sur	2.143.911,46	7,54	4,206	medio baixo	0,729	Medio
Ecuador	América do Sur	2.040.184,61	7,17	7,449	medio baixo	0,806	Alto
O Salvador	América Central	1.856.699,01	6,53	5,804	medio baixo	0,747	Medio
Rep. Dominicana	Caribe	1.812.307,57	6,37	6,706	medio baixo	0,777	Medio
Nicaragua	América Central	1.749.811,86	6,15	2,570	medio baixo	0,699	Medio
Guinea Bissau	África	1.737.625,00	6,11	477	baixo (PMA)	0,396	Baixo
Mozambique	África	1.533.637,07	5,39	802	baixo (PMA)	0,402	Baixo
Honduras	América Central	1.311.427,58	4,61	3,796	medio baixo	0,732	Medio
Haití	Caribe	665.259,00	2,34	1,155	baixo (PMA)	0,532	Baixo
Cabo Verde	África	614.809,38	2,16	3,041	medio baixo	0,708	Medio
Poboación saharauí	África	315.898,10	1,11				
TOTAL		22,381,437.00	78,69				